



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Mércores, 21 de outubro de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto 394/2009, do 8 de outubro, polo que se modifica o Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.

16.431

Ano XXVIII

Nº 206

Páxs.**III. OUTRAS DISPOSICIÓN****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

— Resolución do 14 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración suscritos por esta secretaría xeral no segundo cuadrimestre do ano 2009. 16.432

— Resolución do 14 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se publica a relación das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aprobaron as bases reguladoras e se convocaron as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 (procedemento administrativo IN520A). 16.432

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA**

— Orde do 7 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. 16.440

CONSELLERÍA DE SANIDADE

— Resolución do 6 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas. 16.450

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

— Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería. 16.451

Páxs.

— Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería. 16.453

CONSELLERÍA DE FACENDA

— Resolución do 6 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 480/2009, interposto por Miguel Lemus Barros e cinco máis. 16.454

— Resolución do 15 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocada pola Orde do 18 de xullo de 2008. 16.454

— Resolución do 15 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008. 16.454

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO CATRO DA CORUÑA**

— Cédula de notificación de sentenza (526/2009). 16.455

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO DOUS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

— Edicto (620/2007). 16.455

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

— Resolución do 29 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se notifica a resolución ditada no expediente sancionador en materia de xogo OU-43/08. 16.456

- Páxs.
- Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se notifica a resolución ditada no expediente sancionador en materia de xogo P-143/08. 16.456

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Anuncio do 23 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, polo que se dá publicidade á apertura do prazo de información pública do expediente sobre a sucesión intestada, en favor da comunidade autónoma, de Florencio López Díaz. 16.457

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Corrección de erros.-Resolución do 25 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas de varios contratos administrativos. 16.457
- Resolución do 14 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto multicriterio, da contratación da subministración de ordenadores para esta consellería. 16.458
- Cédula do 22 de setembro de 2009, da Subdirección Xeral de Inspección do Transporte, pola que se notifican as resolucións ditadas nos expedientes sancionadores en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente DX-00167-I-2008 e vinte e nove máis). 16.459
- Cédula do 24 de setembro de 2009, da Subdirección Xeral de Inspección do Transporte, pola que se notifican as resolucións ditadas nos expedientes sancionadores en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente DX-00181-S-2008 e vinte e sete máis). 16.461

- Páxs.
- Anuncio do 11 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-RES-2009-068. 16.462
- Anuncio do 11 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empra a interesada para ser notificada por comparecencia no expediente PO-RES-2009-062. 16.463

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello da Coruña. (Expediente IN407A 09/226). 16.463
- Resolución do 11 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución e se declara de utilidade pública, en concreto, a instalación eléctrica nos concellos de Arzúa e Touro. (Expediente IN407A 08/561). 16.463
- Resolución do 16 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 08/183, 7328 A.T.). 16.465
- Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Meaño. (Expediente IN407A 09/731-4). 16.465
- Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Sanxenxo. (Expediente IN407A 09/732-4). 16.465
- Resolución do 18 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Ponte Caldelas. (Expediente IN407A 09/705-4). 16.466

- | | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Resolución do 18 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Vigo. (Expediente IN407A 09/733-4). | 16.466 |
| — Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica nos concellos de Culleredo e Cambre. (Expediente IN407A 09/207). | 16.466 |
| — Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Narón. (Expediente IN407A 09/241). | 16.467 |
| — Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Boiro. (Expediente IN407A 09/254). | 16.468 |
| — Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Carballo. (Expediente IN407A 09/256). | 16.468 |
| — Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Muros. (Expediente IN407A 09/278). | 16.469 |
| — Resolución do 24 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello do Porriño. (Expediente IN407A 09/757-4). | 16.469 |

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- | | |
|--|--------|
| — Resolución do 16 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da subministración de instrumentos musicais con destino aos conservatorios de música dependentes desta consellería. (Expediente ED-10/09SU). | 16.469 |
|--|--------|

- | | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Resolución do 16 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da subministración de mobiliario para bibliotecas e aulas de idiomas para os distintos centros educativos dependentes desta consellería. (Expediente ED-09/09SU). | 16.470 |
| — Resolución do 16 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da subministración de material didáctico de primaria para os distintos centros educativos dependentes desta consellería. (Expediente ED-08/09SU). | 16.471 |

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- | | |
|--|--------|
| — Resolución do 23 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se notifica a baixa da autorización e cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. | 16.472 |
| — Cédula do 21 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Turismo, pola que se notifican as resolucións dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas nos expedientes sancionadores de Ourense OU-6/2007 e outro máis, por infracción grave en materia de turismo. | 16.473 |
| — Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a incoación do 13 de agosto de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-102/09, por infracción leve en materia de turismo. | 16.474 |
| — Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 10 de agosto de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-11/09, por infracción leve en materia de turismo. | 16.474 |
| — Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 2 de setembro de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-34/09, por infracción leve en materia de turismo. | 16.475 |

	<u>Páxs.</u>
— Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 4 de setembro de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-37/09, por infracción leve en materia de turismo.	16.475
— Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a incoación do 18 de xuño de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-76/09, por infracción leve en materia de turismo.	16.476
— Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 9 de xullo de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-42/09, por infracción leve en materia de turismo.	16.476
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	
— Resolución do 18 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se dispón a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade <i>B 1 de Viviendas, S. Coop. Galega</i> .	16.477
— Resolución do 22 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se fan públicas as adxudicacións de varios contratos.	16.477
— Resolución do 25 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da <i>Asociación Galega de Áridos</i> .	16.479
— Resolución do 29 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da asociación denominada <i>Asociación Coruñesa de Gestores de Instalacións Deportivas</i> que, no sucesivo e en virtude da dita modificación, pasa a denominarse <i>Asociación de Empresas Xestoras de Instalacións Deportivas de Galicia</i> .	16.479
— Cédula do 25 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se fai pública a iniciación do dereito de audiencia no expediente sancionador na orde social 387/09.	16.479
— Cédula do 25 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se notifica resolución de expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 232/09.	16.479

	<u>Páxs.</u>
— Cédula do 25 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se notifica o levantamento da suspensión e o trámite de audiencia dos expedientes sancionadores na orde social 20/03 e outro máis.	16.480
— Edicto do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifican uns requirimentos de documentación incompleta en relación cuns procedementos competencia desta consellería, e as persoas que se relacionan.	16.480

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

— Anuncio do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente de pesca CO-PES-2009-0032 e outro máis.	16.481
— Anuncio do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente de responsabilidade patrimonial RP 2008/0057.	16.481
— Anuncio do 29 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente de pesca CO-PES-2009-0017.	16.481

CONSELLERÍA DO MAR

— Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se autoriza a transmisión <i>inter vivos</i> da concesión administrativa dun establecemento de cultivos mariños.	16.482
--	--------

PORTOS DE GALICIA

— Resolución do 28 de setembro de 2009 pola que se fai público o outorgamento de varias concesións administrativas en terreos de dominio público portuario dos portos que se citan.	16.483
— Cédula do 7 de outubro de 2009 pola que se notifica resolución de procedemento administrativo sancionador do expediente 13-28-09-03.	16.483
— Cédula do 8 de outubro de 2009 pola que se notifica a proposta de resolución do procedemento administrativo sancionador coa clave 13-17-09-05.	16.484

	<u>Páxs.</u>
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	
— Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Provincial da Coruña, pola que se anuncia a anulación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de limpeza das súas oficinas e instalacións AB-DRC1-09-001.	16.485
— Resolución do 18 de setembro de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se anuncia a adxudicación da contratación da adquisición dun equipo de laserterapia con destino ao Servizo de Dermatoloxía deste complexo hospitalario NB-CHC1-09-007.	16.485
— Resolución do 18 de setembro de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se anuncia a adxudicación da contratación da adquisición dunha central de motorización e monitores para a unidade de reanimación deste complexo hospitalario NB-CHC1-09-023.	16.485
— Resolución do 23 de setembro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Montserrat Villar Mouriño.	16.486

	<u>Páxs.</u>
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
— Resolución do 15 de outubro de 2009 pola que se anuncia a contratación dos expedientes 409 e 410/2009, polo procedemento que se cita.	16.486

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA	
— Anuncio (EDD 3/09).	16.487
CONCELLO DE LAXE	
— Anuncio.	16.488
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	
— Edicto.	16.488
CONCELLO DE XERMADE	
— Edicto.	16.488



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

**Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza**

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15

Fax: 981 54 42 72

<http://www.xunta.es>

Correo electrónico: dog@xunta.es

INSS 1130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.

Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 394/2009, do 8 de outubro, polo que se modifica o Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.

A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica creouse polo Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, como un órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración autonómica galega nas súas actuacións en materia de sistema de información xeográfica e cartográfica, adscrito inicialmente á Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. O Decreto 188/2003, do 27 de febreiro, modificou a súa adscrición de Sde a dita consellería á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

A necesidade de contar cun departamento que poida desenvolver e dar soporte técnico en materia de cartografía e sistemas de información xeográfica á devandita comisión e a obriga de coordinar e pór en marcha a infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG), en que están incluídas as deputacións provinciais e os concellos, implica a adaptación da composición da comisión para dar cabida a estas institucións e a utilización do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), como soporte técnico para o desenvolvemento das funcións que están asignadas á comisión.

En virtude do exposto, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de outubro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, polo que se crea a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica, nos termos que se indican a seguir.

1. Dáselle nova redacción ao artigo 2. «Adscrición», do Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, coa seguinte redacción:

«Artigo 2º.-*Adscrición.*

A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica estará adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe».

2. O artigo 4 do Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4º.-*Composición.*

A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica estará composta polos seguintes membros:

1. Presidente/a: a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

2. Vicepresidente/a: o/a conselleiro do Medio Rural.

3. Vogais:

a) Unha persoa representante por consellería con categoría de secretario/a xeral ou director/a xeral designada polo/a conselleiro/a correspondente.

b) O/a director/a do Instituto Galego de Estatística da Consellería de Facenda.

c) O/a director/a do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIX-TEC) da Consellería de Facenda.

d) O/a secretario/a da Comisión de Delimitación Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

e) O/a secretario/a da Comisión de Toponimia.

f) Un/unha representante de cada unha das catro deputacións provinciais.

g) Un/unha representante da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

h) O/a director/a xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

i) Un/unha representante do Fondo Galego de Garantía Agraria.

4. As consellerías e demais organismos ou entidades anteriormente mencionadas deberán, así mesmo, designar, ademais do/da vogal titular, un/unha vogal suplente da mesma categoría.

5. A composición da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica tenderá a acadar unha participación equilibrada de mulleres e homes».

3. O parágrafo 1 do artigo 6. «Secretaría da Comisión», do Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro, queda redactado como segue:

«1. A secretaría da comisión será desempeñada por un/unha representante do Sistema de Información Territorial de Galicia (Sitga), designado/a polo/a presidente/a da comisión ou persoa en que delegue».

4. Incorporase un novo artigo, relativo ao apoio técnico da comisión, coa seguinte redacción:

«Artigo 12º.-*Apoio técnico.*

O soporte técnico para o desenvolvemento das funcións da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica será prestado polo Sistema de Información Territorial de Galicia (Sitga), dedicado á recompilación e tratamento de información do territorio galego, así como á produción cartográfica, sen prexuízo do que poida corresponder a outros servizos da Xunta de Galicia en función do seu carácter temático en relación coas competencias que lle son propias».

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ou persoa en quen delegue, para ditar cantas normas complementarias fosen precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de outubro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 14 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no segundo cuadrimestre do ano 2009.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas

prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Secretaría Xeral de Medios (sección/servizo: 40.30), no segundo cuadrimestre do ano 2009, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2009.

Alfonso Cabaleiro Durán
Secretario xeral de Medios

ANEXO

Convenio	Data sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e <i>Xornal Galinet, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	1-4-2009	18.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e <i>Rtas Baixas de Comunicación, S.A.</i> para a mellora da difusión das actividades do Club Internacional de Prensa	1-6-2009	25.000 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de xornalismo en gabinetes de prensa institucional	24-6-2009	28.500 €
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a Fundación Universidade da Coruña para a realización de prácticas de xornalismo en gabinetes de prensa institucional	25-6-2009	3.000 €

Resolución do 14 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se publica a relación das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aprobaron as bases reguladoras e se convocaron as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 (procedemento administrativo IN520A).

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, de conformidade co Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, vén de asumir as competencias na xestión das actuacións da Xunta de Galicia en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións.

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica con data do 7 de setembro de 2009 ditou resolución de concesión de subvencións ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da

información e das comunicacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo IN520A, *Diario Oficial de Galicia* nº 11, do 16 de xaneiro de 2009).

O artigo 12 das bases reguladoras dispón: «Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web».

Así mesmo, con esta publicación dáse cumprimento á obriga de publicidade prevista no artigo 15

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de beneficiarios das subvencións concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 40.70.571A.770.0-Achegas ás empresas para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) cunha porcentaxe do 80%, e segundo o establecido na orde reguladora citada. Esta relación achégase como anexo Subvencións concedidas.

Todos os beneficiarios que se recollen no anexo poderán obter información detallada do alcance da resolución de concesión, accedendo ao taboleiro electrónico dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia, no enderezo: <http://www.xunta.es/apps/AICRaiz/AICEntrada.jsp>.

Os solicitantes que non aparecen no devandito anexo deberán entender que non lles foi concedida a subvención e poderán obter información detallada das causas de denegación accedendo ao citado taboleiro electrónico.

O acceso ao dito enderezo tamén pode facerse desde o enderezo da internet <http://www.xunta.es>, seleccionando o servizo directo Administración electrónica, para deseguido acceder ao servizo Presentación electrónica da Xunta de Galicia e dentro desta, escollendo o procedemento IN520A.

Para o acceso ao contido do taboleiro electrónico cada solicitante deberá introducir o código electrónico existente na parte superior dereita da primeira folla da súa solicitude, o que garante a intimidade do acceso á información.

Os actos comunicados de resolución da convocatoria son definitivos en vía administrativa, e cabe interpoñer, de ser o caso:

-Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte desta publicación, segundo os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información a través do teléfono 981 54 55 83, do enderezo de correo electrónico axudas.dxpisi@xunta.es, ou presencialmente no edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela (A Coruña). Nesta subdirección xeral tamén disporase dun taboleiro físico convencional onde poderá accederse en formato papel á información particularizada para cada un dos solicitantes presentados á convocatoria, recollidos ou non no citado anexo, o que garante a igualdade no proceso de notificación para todos os solicitantes nun procedemento de concorrencia competitiva, e mesmo para aqueles que non obtiveron un código electrónico na súa solicitude ao non seguir as indicacións e medios de axuda para a obtención dos formularios normalizados previstos na convocatoria.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

M^a Mar Pereira Álvarez
Secretaría xeral de Modernización e Innovación
Tecnolóxica

ANEXO

Subvencións concedidas

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
<i>2mares Demil, S.L</i>	234	B36697696	C	Centratel Openum: mensaxaría e comunicacións unificadas	38.388,60 €
<i>2mares Demil, S.L</i>	1437	B36697696	D	Formación técnica e promoción do produto software de 2mares	14.361,00 €
<i>3 Ecel Logística, S.L.</i>	540	B36456069	B	Implantación do CRM de código aberto Sugarcrm	19.248,00 €
<i>A Billarda, S.L.</i>	875	B27278845	B	Implantación dun software de xestión integral	9.960,00 €
<i>Adantia, S.L.</i>	1150	B15503279	A	Instalación da rede corporativa	5.563,80 €
<i>Adega Ponte da Boga, S.L.</i>	695	B32244279	B	Aplicación informática para a xestión da rastrexabilidade dos procesos de elaboración do viño en barrica	10.998,00 €
<i>Adm Asesores Villagarca, S.L.</i>	453	B36191575	A	Infraestrutura interna da empresa; mellora da rede de datos interna da empresa	4.198,20 €
<i>Aega Automática y Electricidad, S.L.</i>	1457	B36398089	B	Xestión da documentación de proxectos mediante ferramentas informáticas de código aberto	30.900,00 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
<i>Ahitosa, S.L.</i>	1930	B32232084	B	Implantación sistema de xestión en código aberto Openbravo construcións metálicas	15.000,00 €
<i>Ain Active Om, S.L.U.</i>	950	B70082433	B	Plataforma en código aberto de xestión avanzada de cálculo de liñas de tensión	33.600,00 €
<i>Ain Active, S.L.</i>	924	B15903883	B	Desenvolvemento a medida e implantación de plataforma de xestión empresarial	18.000,00 €
<i>Aldaba Servicios Profesionales, S.L.L.</i>	974	B15862295	C	Fop-formulación óptima de pensos	65.583,00 €
<i>Allenta Consulting, S.L.</i>	230	B15974553	C	Proxecto Dot2code. Plataforma de promoción de produtos e servizos baseada en códigos QR	68.448,36 €
<i>Altia Consultores, S.L.</i>	736	B15456585	A	Adecuación centro de datos	5.779,00 €
<i>Altia Consultores, S.L.</i>	1121	B15456585	D	Elaboración Newsletter Altia News	9.300,00 €
<i>Aludec Stamping, S.A.</i>	34	A36368868	B	Aplicación software de rexistro de mesturas de cores para a xestión da produción de pezas de aspecto para automoción	7.200,00 €
<i>Ambical Proyectos, Estudios Medioambiente y Calidad, S.L.</i>	1775	B15389885	B	Aplicación soporte de servizos B2B e-Ambical	11.100,00 €
<i>Andor Construcciones y Desarrollos Urbanísticos, S.L.</i>	1480	B27298264	B	Intranet/extranet para a xestión de obras e clientes	5.440,00 €
<i>Aplicaciones Informáticas y Comunicaciones Avanzadas, S.L.</i>	1511	B32217382	C	Portal facturación electrónica: Outpaper fase II	8.200,80 €
<i>Aracnosoft, S.L.</i>	1176	B15677008	C	Tic Aracnosoft 2009	13.410,00 €
<i>Aracnosoft, S.L.</i>	2064	B15677008	D	Publicidade software Aracnosoft 2009	684,00 €
<i>Arasolis Viaxes, S.L.U.</i>	384	B15887003	B	Desenvolvemento dunha aplicación B2C para a mellora do sistema de venda de billetes de avión e reservas hoteleiras	7.134,00 €
<i>Artefacto Producciones Audiovisuales, S.L.N.E.</i>	515	B70101936	B	Axudas para tecnoloxías da comunicación	1.506,60 €
<i>Asdel Consulting, S.L.</i>	273	B15901093	A	Implantación de tecnoloxías da información	1.512,60 €
<i>Aserpal, S.A.</i>	270	A15166630	A	Sistema de videoconferencia	2.495,60 €
<i>Asesoramiento, Tecnología e Investigación, S.L.</i>	1925	B36324796	B	Aplicación a medida para xestión interna de proxectos (con licenza GNU/GPL)	13.920,00 €
<i>Así-Red Servicios Telemáticos, S.L.L.</i>	1159	B36863058	D	Promoción Pms-turismo	1.674,00 €
<i>Asm Soft, S.L.</i>	1108	B36636629	C	Módulo Weblims B2B para laboratorios de ensaios	37.640,40 €
<i>Atendo Calidade, S.L.</i>	406	B36875938	B	Software Atendo a domicilio	10.500,00 €
<i>Atlántico Congresos, S.L.</i>	1910	B15674336	B	Plataforma de xestión de eventos en SWL con pasarela de pagamento	30.000,00 €
<i>Audidores Asociados de Galicia, S.A.</i>	1647	A15105638	A	Adquisición servidor	3.082,80 €
<i>Auren Consultores Noroeste, S.L.</i>	1699	B15902331	A	Adquisición dun SAI (sistema de alimentación ininterrompida)	1.290,00 €
<i>Auria Lux Industrial, S.L.</i>	1088	B32392748	B	Sistema de xestión integral Auria Lux	15.840,00 €
<i>Autocares Pedro Pombo, S.L.</i>	255	B15619513	A	Solicitud subvención TIC	1.693,20 €
<i>Automoción Baltar, S.L.</i>	920	B36244671	A	Proxecto centralíña	2.052,60 €
<i>Autos Grabanxa, S.L.</i>	2109	B15361355	B	Plataforma de venda en liña por internet e vogal	30.150,00 €
<i>Ava Soluciones Tecnológicas, S.L.</i>	177	B15845480	C	Plataforma colaborativa multisectorial en SWL para xestión de proxectos e control de custos	29.376,00 €
<i>Avante Galicia Marketing y Medios, S.L.</i>	795	B70131180	A	Infraestrutura TIC para novas instalacións	2.182,80 €
<i>Avirojo, S.L.</i>	1801	B36207959	B	Desenvolvemento a medida dun sistema de control produtivo adaptado a B2B	25.500,00 €
<i>Ayco Internet, S.L.</i>	501	B36824480	C	Actualización funcional e incremento operativo da plataforma de código aberto Siapres-Net	31.380,00 €
<i>Bahía Software, S.L.</i>	585	B15682594	D	Formación en Itil	5.075,00 €
<i>Bahía Software, S.L.</i>	588	B15682594	C	Opencribado	27.197,00 €
<i>Banqueting Sastrería de Sensaciones, S.L.</i>	1349	B70158308	B	Desenvolvemento personalizado e implantación de plataforma integral de xestión empresarial	10.560,00 €
<i>Baños Films, S.L.</i>	719	B36630358	B	Xestión informática <i>Baños Films, S.L.</i>	13.800,00 €
<i>Barbanza Prevención, S.L.</i>	511	B15940158	A	Servidor central de datos da empresa con Backups	5.586,00 €
<i>Barreras de Seguridad, S.L.</i>	1392	B32204620	B	Mellora de infraestrutura de comunicacións, soporte de datos e seguridade da información	5.335,80 €
<i>Bascuas Asesores, S.L.</i>	1166	B36421592	A	Proxecto dotación infraestrutura para xestión integral <i>Bascuas Asesores, S.L.</i>	2.079,60 €
<i>Bebidas Gaseosas del Noroeste, S.A.</i>	388	A15009665	A	Instalación terminais Wifi e sistema de seguridade SAI	13.200,00 €
<i>Bioambiental Control Sanitario de Alimentos, S.L.</i>	1009	B70020656	B	Aplicación informática a medida da empresa	18.000,00 €
<i>Bit Oceans Research, S.L.</i>	1212	B27706639	D	Promoción de produtos	15.169,80 €
<i>Bodegas Nairoa, S.L.</i>	1046	B32256463	B	Creación dunha plataforma B2B como complemento á B2C existente	6.232,20 €
<i>Bodegas Pazo de Aguiar, S.A.</i>	1408	A32260952	B	Informatización do proceso produtivo de bebidas espirituosas	14.400,00 €
<i>Bodegas Sampayolo, S.L.</i>	1679	B32294142	B	Plataforma de comercio electrónico en software libre	7.200,00 €
<i>Boedo Fernández, José</i>	853	32295818T	B	Software de xestión de transporte	1.800,00 €
<i>Boratelecom, S.L.</i>	770	B36530285	C	Aplicación web en Typo3 para a comercialización de vehículos e recambios nos concesionarios de automóviles	6.750,00 €
<i>Brétema Consulting, S.L.</i>	1750	B36458495	B	Sistema de soporte para asistencia técnica	14.040,00 €
<i>Caamaño Sistemas Metálicos, S.L.</i>	391	B70131255	A	Infraestrutura e compoñentes de rede en empresa dedicada a fabricación e instalación de carpintería metálica	4.739,00 €
<i>Cableados e Instalaciones Especiales, S.L.</i>	1675	B15638406	A	Adquisición de equipos produtivos da rede informática	7.153,80 €
<i>Carpintería Alberto, S.L.</i>	1691	B36627297	B	Albatros función máquina control numérico	6.720,00 €
<i>Cartogalicia, S.L.</i>	1054	B15726987	B	Desenvolvemento personalizado e implantación de plataforma integral de xestión empresarial	20.400,00 €
<i>Celestino Abreu e Hijos, S.L.</i>	134	B36156818	B	Investimento en aplicacións para a mellora da produtividade	19.504,80 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
<i>Centro Analítico Míguez y Muñíos, S.L.</i>	1595	B36194223	A	Mellora e modernización da infraestrutura interna	5.229,00 €
<i>Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L.</i>	479	B32374431	B	Adquisición dun software de reforzo para a actividade económica de Sonen	5.928,00 €
<i>Centro de Estudos Formación Alfer, S.L.</i>	101	B36214542	B	Xestión integral do centro de formación Alfer	6.473,40 €
<i>Centro de Negocios Pontevedra, S.L.</i>	1064	B36442895	B	Implantación de plataforma xestión empresarial para o cumprimento da norma de calidade ISO9001	12.300,00 €
<i>Centro Radiolóxico Compostela, S.L.</i>	938	B15744113	B	Proxecto para a mellora do sistema distribuído de envío de datos radiolóxicos	6.900,00 €
<i>Cinur Consultores Urbanísticos e Inmobiliarios, S.L.</i>	730	B15465107	A	Servizo de mensaxaría en código aberto, hardware Render e ampliación da infraestrutura VPN	3.574,50 €
<i>Codebit Systems, S.L.</i>	881	B15677859	D	Formación especializada nas TIC	3.828,00 €
<i>Colegio Juniors, S.L.</i>	1889	B15119035	B	Implantación dun aplicativo para a xestión empresarial e académica mediante o emprego de software libre	24.957,00 €
<i>Comasis Consultores, S.L.</i>	523	B15637267	C	Aplicación para a xestión da vixilancia tecnolóxica segundo a norma UNE 166.066 EX	32.514,00 €
<i>Complejo Turismo Rural Pazo de Mendoza, S.L.</i>	978	B36899235	B	Implantación do comercio electrónico no Pazo da Escola	3.402,00 €
<i>Componentes Aeronáuticos Coasa, S.A.</i>	896	A32257123	A	Proxecto de mellora en infraestrutura de redes	5.351,60 €
<i>Componentes Aeronáuticos Coasa, S.A.</i>	1563	A32257123	B	Novo software específico de produción	1.306,00 €
<i>Conecta Comunicaciones y Medios, S.L.</i>	716	B36823169	A	Implantación dunha infraestrutura de protección total de datos	8.899,20 €
<i>Conexiona Telecom, S.L.</i>	2033	B32350795	B	Plataforma B2B para xestión de produtos de Voip	6.953,40 €
<i>Consorcio Editorial Galego, S.A.</i>	1187	A36424919	B	Plataforma de comercio electrónico	9.251,40 €
<i>Construcciones Lameiriña Martín, S.L.</i>	994	B36386621	A	Renovación dos sistemas informáticos centrais	6.504,00 €
<i>Construcciones y Proyectos Lorenzo, S.L.</i>	975	B32315855	B	Sistema de xestión de obras	3.837,00 €
<i>Consultores Tecnolóxicos Industriales de Galicia, S.L.L.</i>	271	B36933950	C	Desenvolvemento do sistema Framework II: plataforma de integración de procesos de negocio	20.952,00 €
<i>Consultoría Tecnolóxica e Informática Tegnix, S.L.</i>	1764	B15990013	B	Integración das ferramentas de xestión de proxectos e incidencias	7.200,00 €
<i>Coperma, S.A.</i>	36	A36612455	B	Desenvolvemento dunha nova aplicación para o control da produción de embalaxes	14.400,00 €
<i>Coren Agroindustrial, S.A.U.</i>	428	A32242588	B	Sistema de control do proceso automatizado de carga a granel de camiáns da fábrica de penos	12.160,00 €
<i>Corral y Couto, S.L.</i>	1527	B36019149	B	Desenvolvemento software para a ampliación e mellora dunha aplicación de xestión da produción	9.000,00 €
<i>Corral y Couto, S.L.</i>	1598	B36019149	C	Adquisición de servidor para a mellora da conexión coa aplicación xeral de xestión da produción	3.420,00 €
<i>Corredoira Car-Audio, S.L.</i>	392	B27153105	B	Módulo de código de barras integrado co software do almacén	24.126,00 €
<i>Creaciones Dona, S.L.</i>	1470	B36011468	B	Desenvolvemento de software ERP	12.660,00 €
<i>Credihabitat, S.L.</i>	1005	B36567956	B	Ampliación e mellora da aplicación de xestión de expedientes dunha empresa do sector financeiro	2.112,00 €
<i>Csp Tecnología Móvil Villagarcía, S.L.</i>	2117	B36594075	B	Mellora nas TIC	2.640,00 €
<i>Cultivos Ribeiro, S.L.</i>	1048	B32207243	B	Creación dunha plataforma B2B para a venda de produtos vexetais	6.520,20 €
<i>Cupa Pizarras, S.A.</i>	272	A32225427	A	Instalación de nova rede sen fíos	24.934,00 €
<i>Darzal Consultoría y Prevención, S.L.</i>	1128	B82270190	B	Aplicación de xestión de obras e concursos	19.200,00 €
<i>Demotecnia Soluciones Tecnológicas, S.L.</i>	1757	B70096342	C	Desenvolvemento de software Dmdata	16.597,80 €
<i>Demotecnia Soluciones Tecnológicas, S.L.</i>	1758	B70096342	D	Actividades de formación e promoción-campaña 2009	14.055,00 €
<i>Dispensa Selecta, S.L.</i>	1725	B15519176	B	Adaptación e instalación de ERP	3.300,00 €
<i>Dhuman Consultores, S.L.</i>	378	B36982569	A	Dhuman TIC	2.712,60 €
<i>Dinak, S.A.</i>	207	A36948438	B	Implantación do sistema de xestión I3-mes	19.730,50 €
<i>Dreitec, S.L.</i>	624	B36457067	D	Dvd contra a crise	2.188,80 €
<i>Edisa Tecnoloxías de Informática Industrial, S.A.</i>	381	A32338253	C	Programación da actividade produtiva de engorda de gando porcino e captura de pedidos e incidencias desde a Blackberry	64.500,00 €
<i>Editorial Galaxia, S.A.</i>	1824	A36603314	A	Servidor	3.581,40 €
<i>Ednon, S.L.</i>	171	B36938009	A	Proxecto infraestrutura interna da empresa	17.588,40 €
<i>Ednon, S.L.</i>	196	B36938009	D	Proxecto formación técnica	8.292,00 €
<i>Elaboro, Ingeniería del Software, S.L.</i>	1153	B15838006	D	Promoción do sistema Epatrol	4.669,20 €
<i>Elaboro, Ingeniería del Software, S.L.</i>	2071	B15838006	C	Evolución de Epatrol	27.360,00 €
<i>Elempo Labs, S.L.</i>	1440	B36988137	C	Desenvolvemento de software embebido para sistemas de control industrial	10.554,00 €
<i>Elinco Construcciones Eléctricas, S.L.</i>	1799	B15733256	A	Desenvolvemento da rede integrada de voz e datos e a incorporación dun sistema de xestión interno interesedes	4.133,50 €
<i>Elinco Construcciones Eléctricas, S.L.</i>	2050	B15733256	B	Desenvolvemento dun sistema de xestión interno interesedes	1.785,00 €
<i>Elmuelle Servicios Hosting, S.L.</i>	82	B15884398	B	Plataforma de comercio electrónico en SWL con integración con ERP e BBDD de provedores	16.800,00 €
<i>Emesa, S.L.</i>	863	B70171665	A	Contorno de consolidación de servidores e voz sobre IP	8.203,20 €
<i>Emetel Sistemas, S.L.</i>	1646	B15474570	D	D-estraxia de formación e promoción	50.485,80 €
<i>Enogalia, S.L.</i>	1018	B70123641	B	Implantación de plataforma de comercio electrónico en SWL con xestión avanzada de clientes e pedidos	11.700,00 €
<i>Enxebre Sistemas, S.L.</i>	983	B15499957	D	Estado da arte do mercado estereoscópico	11.068,20 €
<i>Ergofit, S.L.</i>	1071	B36890978	B	Dixitalización informe médico	16.260,00 €
<i>Escurts, S.L.</i>	175	B15618358	B	Sistema de xestión de proxectos e incidencias (xpi)	20.000,00 €
<i>Espagat, S.L.</i>	935	B15067614	B	Desenvolvemento e implantación de plataforma de xestión empresarial e intranet do ximnasio	32.700,00 €
<i>Europea de Maf, S.L.</i>	1196	B36817559	B	Edi	3.480,00 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
<i>Factoría de Software e Multimedia, S.L.</i>	1552	B70001912	D	Xeración de valor a través do reforzo da marca, e posicionamento dos novos produtos/servizos baseados en código aberto	7.020,00 €
<i>Factorías Vulcano, S.A.</i>	1912	A36600740	A	Mellora da rede de datos interna de <i>Factorías Vulcano, S.A.</i>	16.808,40 €
<i>Femxa Formación, S.L.</i>	355	B36338051	B	Implantación dunha aplicación de xestión de axentes sociais	80.000,00 €
Fernández Lamas, Juan Jesús	1024	33294733W	B	Implantación de plataforma de comercio electrónico en SWL	7.200,00 €
<i>Figuroa & Bermejo Consultores, S.L.</i>	1713	B27354117	B	Desenvolvemento de aplicación de xestión de orzamentos/facturas/remesas	2.400,00 €
Filgueira Alonso, Alberto	1301	36086541R	B	Portal web B2C multitemático e internacional para o contacto entre usuarios e expertos	16.224,00 €
<i>Fisternet Comunicación, S.L.</i>	645	B15663149	C	Aplicación en código aberto Carro/whois da internet	6.489,60 €
<i>Florentino Colección, S.L.</i>	1015	B36057933	B	Mellora das aplicacións informáticas da empresa <i>Florentino Colección, S.L.</i>	3.525,00 €
<i>Formato Producciones, S.L.</i>	1248	B15210289	A	Proxecto de converxencia tecnolóxica ao HD (alta definición) 2ª parte	7.039,20 €
<i>Frinova, S.A.</i>	940	A36025872	B	Aplicación informática para controlar movementos producidos no almacén	16.150,00 €
<i>Fundosa Accesibilidade, S.A.</i>	1428	A79707295	B	Sistema de produción por Cad-Cam	19.036,80 €
<i>Fungo, S. Coop. Galega</i>	936	F70108956	B	Adquisición de software de carácter produtivo	646,20 €
<i>Fungo, S. Coop. Galega</i>	971	F70108956	D	Formación técnica	823,80 €
<i>G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L.</i>	1390	B36993509	A	Implantación do escenario Lan e Vlan da rede interna e a saída a internet en nova oficina	15.202,20 €
<i>Galínus Comunicación en Internet, S.L.</i>	1459	B70073002	D	Formación en Joomla e accesibilidade	2.340,00 €
<i>Galitec Consultores Informáticos, S.L.</i>	200	B36938397	A	Adquisición dun servidor por parte dunha empresa de consultoría informática para o aumento da súa capacidade produtiva	2.850,00 €
<i>Gallanova Norte, S.L.</i>	1755	B70161559	B	Six-Souto; proxecto de desenvolvemento e implantación dunha aplicación informática produtiva baseada nun contorno Six	52.200,00 €
<i>Gallega de Neumática y Aire Comprimido, S.L.</i>	1955	B36276848	A	Mellora dos sistemas de información (servidores)	5.211,00 €
<i>Gallega de Neumática y Aire Comprimido, S.L.</i>	1986	B36276848	B	Mellora das aplicacións desenvolvidas a medida	29.464,80 €
<i>Gdc Stk, S.L.</i>	1218	B83902783	C	Proxecto Oxygenum (plataforma integral de desenvolvemento de software)	48.478,00 €
<i>Generadores Europeos, S.A.L.</i>	674	A15482904	B	Aplicación informática de carácter produtivo para GENESAL	34.200,00 €
<i>Global Iuris Estudio Legal, S.L.</i>	1525	B27382001	B	Implantación dun software de xestión interna	20.952,00 €
Gómez Andrade, Álvaro	1344	46917403W	C	Repositorio documental web con sinatura dixital	12.600,00 €
Gómez Fernández, Jorge	1332	44451772V	A	Infraestrutura de rede sen fíos-R&G Abogados	2.269,80 €
González López, José Luís	458	76579244P	B	Software de xestión de transporte	720,00 €
González Milo, Rolando	789	44077005N	B	Instalación e configuración do programa de facturación e contabilidade en código aberto: ABANQ	450,00 €
<i>Granit Ferrol & Narón, S.L.</i>	1090	B15971716	B	Implantación da ferramenta de código aberto Xerpa ERP para a planificación dos recursos empresariais	6.180,00 €
<i>Grupo B&P Cocinas, S.L.</i>	199	B36250264	B	Desenvolvemento dunha aplicación para a xestión e control dunha fábrica de mobles modulares de madeira	11.592,00 €
<i>Grupo Femxa Formación y Gestión, S.L.</i>	356	B27700038	B	Implantación dunha solución de Business Intelligence e finanzas	67.690,80 €
<i>Grupo Romar Mato, S.L.</i>	1021	B15837115	B	Implantación de plataforma de comercio electrónico en SWL	7.200,00 €
<i>Grupo Tecnogap Atlántico, S.L.</i>	972	B32295834	B	Xestión e control de fabricación de inxección de plásticos do sector do automóbil	20.592,00 €
<i>Grupo Tecnológico Artabria, S.L.</i>	86	B70111539	C	Desenvolvemento dunha aplicación para a xestión de flotas do sector naval galego	30.016,20 €
<i>Hermanos Rodríguez Hostelera, S.L.</i>	925	B36311603	A	Axuda en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións	5.958,60 €
<i>Hosfri Ourense, S.L.L.</i>	2087	B32324121	B	Ampliación de aplicación web orzamentos en liña	6.351,00 €
<i>Hospital Povisa, S.A.</i>	753	A36606788	B	Plataforma de xestión de circulación de pacientes de consultas externas	42.000,00 €
<i>Ictel Ingenieros, S.L.</i>	595	B36872117	C	Adaptación do software Asterisk para funcións hoteleiras	13.315,80 €
<i>Ideas Propias Publicidad, S.L.</i>	1694	B36904175	B	Implantación do sistema de xestión Basicpyme baseado en código aberto	41.100,00 €
<i>Igalia, S.L.</i>	185	B15804842	A	Mellora das infraestruturas da nova oficina de Igalia	5.452,55 €
<i>Igalia, S.L.</i>	2119	B15804842	C	Análise, deseño e desenvolvemento dunha plataforma móbil en software libre	66.218,05 €
<i>Igalia, S.L.</i>	2129	B15804842	B	Implantación de compoñentes especializados para crear un sistema de xestión empresarial completo	8.329,41 €
<i>Iglefo Inversiones, S.L.</i>	675	B27359496	B	ERP de xestión e comercio a través da web	10.800,00 €
<i>Imatia Innovation, S.L.</i>	723	B36499960	A	Imatia en expansión	31.374,00 €
<i>Imaxdi Real Innovation, S.L.</i>	1039	B27720390	C	L@pistech: desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica para a explotación dixital de datos manuscritos en código aberto	28.806,00 €
<i>Incremento Grupo Inversor, S.L.</i>	204	B97928162	B	Solución informática de carácter produtivo asociada xestión da produción para <i>Incremento Grupo Inversor, S.L.</i>	54.000,00 €
<i>Indomótika Sistemas y Comunicaciones, S.L.</i>	1029	B36425247	D	Promoción da familia de produtos Edomo de Indomótika e formación	25.018,20 €
<i>Industriales Panaderos Agrupados, S.A.</i>	1061	A15013618	B	Desenvolvemento a medida e implantación de plataforma de xestión da produción	20.000,00 €
<i>Industrias Losan, S.A.</i>	1178	A15038474	A	Implantación dun sistema de videoconferencia	2.495,60 €
<i>Industrias Severino Fernández, S.L.</i>	1297	B36277002	B	www.pecesyperros.com	2.208,00 €
<i>Infinita Renovables, S.A.</i>	407	A36968113	A	IN520A-axudas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións	36.815,00 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
<i>Infogric, S.L.</i>	521	B36473882	A	Renovación da infraestrutura TIC nunha empresa galega desenvolvedora de software	8.504,40 €
<i>Infojc, S.L.</i>	931	B36764827	C	Plataforma Idigitalbox: proxecto de desenvolvemento dunha nova plataforma de servizos avanzados multimedia	62.747,40 €
<i>Ingedes, S.L.</i>	1379	B27355627	B	Implantación dun software de xestión	3.312,00 €
<i>Ingeniería Civil, Energías Alternativas y Acuicultura, S.A.U</i>	554	A15080849	A	Renovación das infraestruturas de sistemas e comunicacións	37.029,00 €
<i>Innova y Desarrolla en Red, S.L.</i>	359	B36927911	D	Fomento da comercialización da aplicación informática Econgresos en Eventoferia	5.175,60 €
<i>Inovatech Soluciones, S.L.</i>	1044	B27705722	B	Contorno colaborativo e documental orientado a xestión de proxectos de innovación baseado en SiapresNet e Alfresco	17.700,00 €
<i>Instalaciones del Noroeste, S.A.</i>	793	A36626729	A	Rede de datos	5.779,20 €
<i>Instituto de Comunicación e Investigacións Sociolóxicas, S.L.</i>	192	B15250178	B	Sistema xestor de novas	3.867,00 €
<i>Instituto Gallego de Formación y Desarrollo Empresarial, S.L.</i>	519	B36836880	A	Instalación de cableado para datos UTP categoría 6 en oficinas Ingafor Faisán	2.376,50 €
<i>Instituto Gallego de Formación y Desarrollo Empresarial, S.L.</i>	1412	B36836880	B	Aplicativo xestión de contidos dixitais multiplataforma	13.248,00 €
<i>Interacción, Comunicación Interactiva Multimedia, S.L.</i>	195	B36820538	A	Optimización da infraestrutura de desenvolvemento de proxectos de software da empresa	3.022,20 €
<i>Intergal, S. Coop. Galega</i>	2068	F36856276	D	Formación	2.653,20 €
<i>Isenda Telemática, S.L.U.</i>	1102	B70104484	D	Promoción do sistema xestor de obras XPOD	1.800,00 €
<i>Isenda Telemática, S.L.U.</i>	1106	B70104484	C	Sistema de aluguer temporal de produtos e servizos	10.860,00 €
<i>Itaca Software Libre, S.L.</i>	344	B70130125	C	Taquímetro V2.0	3.429,00 €
<i>J. Francisco Novas, S.L.</i>	1685	B36438547	B	Software maquinaria ferraxaría	168,00 €
<i>J.J. Chicolino, S.L.</i>	818	B15249865	A	Instalación e actualización de compoñentes e outros elementos adicionais en infraestrutura de rede interna	4.919,00 €
<i>Jalma Oin, S.L.</i>	516	B15603434	A	Rede interna da empresa-servidor central	4.129,80 €
<i>Kinetika Innovacións Estruturais, S.L.</i>	502	B32361222	B	Implantación de sistema de información e xestión Openbravo	29.934,00 €
<i>Kosta Piscinas, S.L.</i>	1462	B70168745	B	Desenvolvemento dunha solución de xestión empresarial	4.800,00 €
<i>La Voz de Galicia, S.A.</i>	1272	A15000649	A	Proxecto de implantación dun sistema de seguridade perimetral en rede local	42.209,20 €
<i>Lambda Calidad y Tecnología, S.L.</i>	1380	B36502060	B	Implantación e adaptación dun sistema de videoconferencia e reunión virtual baseado en código aberto	5.820,00 €
<i>Lambdastream, S.L.</i>	48	B15909492	B	Ferramentas software de soporte para os procesos produtivos con control de calidade Cmmi nivel 3-parte II	5.880,00 €
<i>Lambdastream, S.L.</i>	296	B15909492	A	Backup en liña de contidos multimedia	2.670,00 €
<i>Level Telecom, S.L.</i>	1192	B15565294	C	Sistema localización persoas-recursos en centros asistenciais e optimización dos subsistemas de medicación e alimentación	44.976,00 €
<i>Loida, S.A.</i>	1458	A15145659	B	Implantación da planificación de reservas e xestión do Spa en código aberto	19.910,00 €
<i>Lonxa Cultural, S.L.</i>	342	B27353796	B	Sistema de xestión integral administrativa en liña	8.550,00 €
<i>Loroestudio, S.L.</i>	154	B15935059	D	Mobiguías: plataforma para o desenvolvemento e xestión de campañas de marketing móbil (letra d)	6.162,00 €
<i>Losan Gestión Integral, S.L.</i>	1217	B15848617	A	Sistema de videoconferencia	7.839,50 €
<i>Louzan Casais, José Luís</i>	965	32831420R	B	Vitualla, plataforma B2C	4.776,00 €
<i>Lugoweb, S.L.</i>	1624	B27389725	B	Implantación software de xestión interna	3.624,00 €
<i>Maciñeira, S.L.</i>	214	B15201346	B	Ferramenta de xestión integral interna en empresa dedicada á fabricación de pezas de carpintería	22.872,00 €
<i>Maderas Pascual, S.A.</i>	1908	A15066673	B	Software de xestión de transporte	1.800,00 €
<i>Maderas Peteiro, S.L.</i>	819	B15440530	B	Implantación da solución integrada ERP II i3	35.628,00 €
<i>Margondis, S.L.</i>	471	B36636975	B	Sistema integral de xestión incluída en tecnoloxía B2B para o seguimento dos servizos contratados	36.300,00 €
<i>María Fechoría, S.L.</i>	1142	B36541241	B	Subvención-procedemento IN520A	5.760,00 €
<i>Marko Consultores en Marketing y Organización, S.L.</i>	1913	B36922920	B	Introdución das novas tecnoloxías para a automatización e acceso a novos servizos	32.712,00 €
<i>Marra Distribución Orensana, S.L.</i>	1017	B32152019	B	Xestión integral de empresa de distribución alimentaria	15.840,00 €
<i>Masmovil Shop, S.L.</i>	712	B27390897	B	Masmóbil shop	2.880,00 €
<i>Matelpo, S.L.</i>	1499	B36456259	B	Aplicación de produción para gravado de cadros eléctricos	4.320,00 €
<i>Mega Software y Comunicaciones, S.L.</i>	420	B15489701	D	Presentación versión 9.0 Construsyc/Instasyc	4.573,20 €
<i>Mercash Sar, S.L.U.</i>	574	B36007409	A	Solución rede Lan corporativa	47.672,00 €
<i>Mestrelab Research, S.L.</i>	887	B15964521	D	Viaxes Mestrelab 2009	40.758,60 €
<i>Metal Ferrol, S.A.L.</i>	1638	A15430572	A	Adquisición servidor	2.181,00 €
<i>Metalúrgica Galaica, S.A.</i>	341	A15008071	B	Sistema de localización de provedores (GPS provedores)	39.058,24 €
<i>Metalúrgica Galaica, S.A.</i>	1288	A15008071	A	Solución rede Lan segura	40.941,76 €
<i>Minerva Formación, S.L.</i>	539	B36422749	B	Implantación de ferramentas de xestión para a empresa <i>Minerva Formación, S.L.</i>	384,00 €
<i>Mondotrope, S.L.</i>	573	B70007471	A	Mellora no equipamento da Peme <i>Mondotrope, S.L.</i>	20.512,80 €
<i>Montajes Naval Gallega, S.L.</i>	634	B36884500	A	Implementación da xestión informatizada dos datos, tanto en capacidade como en seguridade	4.872,50 €
<i>Multisports Galicia, S.L.</i>	488	B27266113	B	Aplicativo de xestión interna	34.008,00 €
<i>MV Gestión Lugo, S.L.</i>	1063	B27210178	B	Sistema de xestión de relación con clientes	24.600,00 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
<i>Nática Sistemas de Información, S.L.</i>	29	B15619034	A	Modernización da infraestrutura interna de seguridade e apoio de datos	2.589,00 €
<i>Netex Knowledge Factory, S.L.</i>	31	B15595754	B	Integración e implantación das aplicacións de código aberto: Sugarcrm, Alfresco, Jira, Confluence	17.500,00 €
<i>Netex Knowledge Factory, S.L.</i>	1566	B15595754	D	Presenza de Netex en foros especializados en promoción e comercialización	20.800,00 €
<i>Newtek Arosa, S.L.</i>	1051	B36395499	B	Plataforma B2C de produtos de informática e telefonía	4.020,00 €
<i>Nista Sabemos Formación y Servicios, S.L.N.E.</i>	1777	B36551760	B	Implantación de CRM	5.400,00 €
<i>Nodosa, S.L.</i>	967	B36611705	B	Implantación dunha aplicación informática a medida para a ensamblaxe de distintas liñas do proceso de produción	9.600,00 €
<i>Norbrok, S.L.</i>	1146	B15786015	B	Adaptación e implantación do sistema de traballo en grupo e seguridade centralizada	924,00 €
<i>Norprevención, S.L.</i>	335	B27222827	B	ERP de xestión Norprevención	75.250,00 €
<i>Norquality Consultores, S.L.</i>	514	B15850118	A	Instalación dunha tecnoloxía de interconexión e telepresenza (videoconferencia)	7.139,40 €
<i>Norvento Ingeniería, S.L.</i>	1706	B27014315	B	Control de documentación de proxectos e sistemas de xestión	5.820,00 €
<i>Norvento, S.L.</i>	949	B27210285	B	Desenvolvemento tecnolóxico de dispositivos de aproveitamento de enerxías mariñas renovables	16.099,50 €
<i>Novafrigsa, S.A.</i>	426	A27199140	B	Actualización da versión do software de produción que controla o sacrificio, despezamento e transformación de gando vacún	27.422,00 €
<i>Novafrigsa, S.A.</i>	562	A27199140	A	Servidores de rede para a actualización da versión do software de produción da planta de procesamento de vacún	8.368,80 €
<i>Novatedi Dixital, S.L.L.</i>	1281	B32379554	B	Novatedi II	1.600,20 €
Núñez Moldes, Ramiro	739	10068914C	B	Software de xestión de transportes	1.800,00 €
<i>Nuter Feed, S.A.U.</i>	156	A15012180	B	Control de calidade e xestión do laboratorio (ccxl)	66.000,00 €
<i>O Lagar de Platería, S.L.</i>	546	B36471050	B	Tenda virtual	1.722,00 €
<i>Ocati Talleres Industriales, S.L.</i>	1415	B70172861	B	Desenvolvemento dunha aplicación informática para a xestión da actividade de Ocati	9.900,00 €
<i>Olivo Consulting de Proyectos Empresariales, S.L.N.E.</i>	1442	B70048624	A	Implantación de sistemas de tecnoloxías da información e seguridade nas comunicacións	1.050,00 €
<i>Open Sofi Servicios Informáticos, S.L.</i>	107	B36769917	C	Osbackup: desenvolvemento dun sistema intelixente para copias de seguridade en rede baseado en código aberto	29.275,80 €
<i>Optare Solutions, S.L.</i>	1204	B36898104	D	Promoción do sector das TIC no ámbito das operadoras de telecomunicación	21.395,40 €
<i>Oreco, S.A.</i>	576	A36614691	A	Mellora da infraestrutura TIC	16.400,00 €
<i>Oer the Rainbow Language Centre, S.L.N.E.</i>	1763	B36955383	B	Programa informático para OTR idiomas	9.480,00 €
<i>Oxidine Galicia, S.L.</i>	1467	B15621253	B	Desenvolvemento dunha solución de xestión empresarial	6.600,00 €
<i>Ozono Multimedia, S.L.L.</i>	593	B15816275	A	Equipamento informático apertura centro en Ames	1.926,60 €
<i>P&A Consultoría y Formación, S.L.</i>	597	B36844181	B	Desenvolvemento informático en código aberto para <i>P&A Consultoría e Formación, S.L.</i>	12.000,00 €
<i>Pai Edicións, S.L.</i>	1672	B36976256	A	Sistema de Streaming audiovisual	5.116,80 €
<i>Pazos Instalaciones, S.L.</i>	718	B32030926	B	Software mantemento integral fase III (oficina virtual de mantemento)	24.720,00 €
<i>Pentared, S.L.</i>	1292	B36872398	C	Desenvolvemento dunha aplicación en código aberto para a xestión de asociacións	14.384,40 €
<i>Pérez Leirós, S.A.</i>	263	A36004463	B	Xestión da produción e control de presenza	26.585,00 €
<i>Pérez Leirós, S.A.</i>	721	A36004463	A	Mellora da infraestrutura interna da empresa	4.210,00 €
<i>Pérez Torres Marítima, S.L.</i>	614	B15263106	B	Sistema de xestión de campa eólica	9.931,20 €
<i>Pérez Torres Marítima, S.L.</i>	615	B15263106	A	Servidores da rede e sistema de almacenamento e Backup centralizado	21.497,20 €
<i>Peter Taboada, S.L.</i>	468	B36798320	B	Implantación do ERP II i3 en código aberto	35.190,00 €
<i>Pexego Sistemas Informáticos, S.L.</i>	130	B27323906	D	Liña formación técnica	2.770,80 €
<i>Prefabricados de Ocaña, S.L.</i>	1306	B36369098	B	Control de almacéns externos	5.950,00 €
<i>Premir Oposiciones Médicas, S.L.</i>	999	B15227176	A	Renovación do sistema de información	10.725,00 €
<i>Premir Oposiciones Médicas, S.L.</i>	1001	B15227176	B	Implantación dunha intranet para traballo colaborativo baseada en código aberto	14.850,00 €
<i>Pretensados Iván Tomiño, S.L.</i>	1652	B36012003	A	Ampliación sistemas informáticos	10.938,00 €
<i>Previsonor, S.L.</i>	1687	B36336535	B	Aula virtual	17.100,00 €
<i>Producción e Xestión Cultural, S.L.</i>	715	B36743755	B	Ferramenta de xestión integral para produción cultural e audiovisual	28.200,00 €
<i>Protea Productos del Mar, S.A.</i>	1343	A36283539	B	Implantación novas funcionalidades sistema lóxico e implantación indicadores cadro de mando	14.400,00 €
<i>Publigal, S.L.</i>	1434	B36620151	B	Implantación e adaptación funcional dun sistema para a xestión produtiva baseado na solución código aberto Siapres-Net	12.600,00 €
<i>Pulular, S.L.</i>	172	B15845860	C	Aplicación flexible e estensible para a realización de campañas de email marketing eficaces e legais	17.973,60 €
<i>Puntogalicia Sistemas, S.L.</i>	2049	B15908031	D	Solicitude axuda para o desenvolvemento de actividades formativas en <i>Puntogalicia Sistemas, S.L.</i>	4.488,60 €
<i>Quattrocento Coach, S.L.</i>	952	B70138821	D	Implantación dun sistema integral de avaliación e desenvolvemento de competencias directivas baixo Moodle	14.211,00 €
<i>Queres Tecnoloxías, S.L.</i>	1053	B70007869	C	Desenvolvemento dun sistema de historia clínica electrónica baseado en Alfresco	33.737,40 €
<i>Queres Tecnoloxías, S.L.</i>	1055	B70007869	D	Formación especializada en Alfresco	5.445,00 €
<i>Quintás Fiaño, Patricia</i>	1280	44816037P	B	Magento-óptica	2.880,00 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
Quintas González, Fabián	1635	36097870Z	D	Formación	2.653,20 €
Quobis Networks, S.L.U.	2036	B36974632	D	Training especializado Voip	3.480,00 €
Raminova Inversiones, S.L.	762	B36514115	B	Deseño e implantación da intranet/extranet baseada en código aberto	8.000,00 €
Rec7, S.L.	1099	B27237569	B	Rec7 investimento en software	1.254,60 €
Recursos Galicia, S.L.	1528	B70107842	B	Plataforma de envío de SMS	11.100,00 €
Redegal, S.L.	1356	B32318354	C	Sistema de información corporativa para a Peme	18.782,40 €
Regalcerámica, S.L.U.	1693	B27303296	B	Implantación de plataforma de comercio electrónico en SWL	7.200,00 €
Regasificadora del Noroeste, S.A.	1997	A15685324	B	Software aberto-Reganosa	12.900,00 €
Roberto Verino Difusión, S.A.	526	A32005746	A	Switches	1.853,20 €
Rodríguez Muñíos, Ángel	1547	76813212C	A	Subministración e instalación de servidor e accesorios	932,40 €
Roeirasa, S.A.	1069	A36615037	B	Integración de datos Libra cunha aplicación web para comercio electrónico	18.000,00 €
Sanmartín Míguez, José María Santiago	709	40907798K	A	Adaptación a receita electrónica	2.487,60 €
Santos Cocina y Baño, S.L.	1423	B15383896	B	Automatización sistema ensamblaxe	3.875,00 €
Satdata Telecom, S.L.	480	B15922503	C	Proxecto de desenvolvemento de software. Can-bus	24.609,60 €
Satdata Telecom, S.L.	1785	B15922503	D	Plan de formación e promoción 2009	23.829,60 €
Servicios Informáticos Gestores Administrativos, S.A.	374	A82270414	D	Promoción e difusión proxecto matriculación telemática vehículos	3.716,40 €
Servicios Quirúrgicos Pediátricos, S.L.	215	B70113410	B	Desenvolvemento e implantación dunha aplicación informática a medida para a mellora da xestión produtiva da empresa Squip	6.000,00 €
Sigaltec, S.L.	738	B36047439	B	Proxecto de implantación software proceso almacén Wifi e xestión documental Sigaltec, S.L.	7.668,00 €
Silenus Consultoría, S.L.	248	B27359587	D	Formación en SCRUM e tecnoloxía de seguranza	7.560,00 €
Silenus Consultoría, S.L.	250	B27359587	C	Integración de aplicacións mediante arquitecturas SOA	20.796,00 €
Sináis Ingeniería, S.L.	544	B36967727	D	Formación relativa a análise de vibracións	2.206,80 €
Sisgal Soluciones Informáticas, S.L.	1471	B27711738	D	Publicidade para o proxecto xestorías en liña	631,80 €
Sixpress Color, S.L.L.	65	B36883601	B	Proxecto para a mellora de xestión da produción da empresa Sixpress	5.550,00 €
Sociedad Gallega de Carretilas, S.A.	1709	A36711612	B	Investimento en materia de sociedade da información 2	7.042,00 €
Sociedad Gallega de Residuos Industriales, S.A.	1110	A15506934	B	Asm Ctri	23.100,00 €
Sognus, S.L.U.	1882	B32383887	C	Servidor de directorio libre multiplataforma	38.671,20 €
Soluciones y Proyectos de Información, S.L.	1135	B15986771	D	Promoción do catálogo GIS e de servizos GIS	6.026,40 €
Son do Tagalem, S.L.	1479	B15811078	A	Mellora do equipamento da empresa para a gravación de son directo para o sector audiovisual e conceptos	25.275,00 €
Sotronic Innovation Technology, S.L.	1107	B36995579	D	Promoción e desenvolvemento de mercados do Df-server profesional e do Df-server base	5.527,80 €
Sudiga Tecnología, S.L.	1881	B27705243	B	Portal B2C baixo código aberto	22.350,00 €
Suministros Compostela, S.L.	243	B70018098	B	Investimento empresa en aplicación a medida en código aberto	6.567,00 €
Talleres J. y M. Fernández, S.L.	1839	B15292246	A	Servidor de datos	2.014,80 €
Tarela Dobarro, Jesús	1536	44808672A	B	Plataforma de xestión de proxectos e control de custos en software libre	12.600,00 €
Tenlxc Sistemas, S.L.L.	777	B70105630	A	Instalación de innovador Centro de Procesamento de Datos (CPD) formado por compoñentes tecnoloxicamente avanzados	5.996,40 €
Tecais, S.L.	1324	B70080494	A	Implantación infraestruturas interna da compañía	7.048,80 €
Tecais, S.L.	1329	B70080494	B	Implantación de aplicación de xestión documental Alfresco	7.140,00 €
Teconsite, S.L.	99	B36927028	C	Desenvolvemento do sistema xestor de contidos dinámicos en código aberto denominado Xescola para centros educativos	7.440,00 €
Tecvipro Sistemas, S.L.	564	B27352939	B	Implantación de aplicación informática baseada en código aberto para unha empresa de seguridade	14.523,00 €
Telecable Compostela, S.A.	1179	A15474166	A	Proxecto de mellora e innovación dos procesos de produción e do sistema de continuidade de correo televisión	30.328,50 €
Telediagnóstico por Imagen, S.L.	1743	B70155486	B	Plataforma web para servizo de radioloxía odontolóxica	12.000,00 €
Toldos Gómez, S.L.	1695	B15274459	A	Interconexión por rede entre as naves industriais de Toldos Gómez no polígono de Bergondo	414,00 €
Trabe Gestión, S.L.	741	B27186824	B	Intranet/extranet para a xestión de escrituras inmobiliarias	3.102,00 €
Transmedia Comunicaciones y Prensa, S.L.	496	B27310820	A	Infraestruturas interna nas novas oficinas de Transmedia Comunicación y Prensa, S.L. para a sociedade da información	4.102,20 €
Tresamb Logística de Contenedores, S.L.	1271	B27206051	B	Implantación dun software de xestión interna	22.308,00 €
Troqueles Cartón, S.A.	64	A36615425	B	Proxecto de mellora para evitar roturas de stock de materia prima e lanzamento da orde de fabricación por parte do cliente	16.860,00 €
Tusiete Productora de Vídeo, S.L.	73	B32033656	A	Adquisición dun dixitalizador e dun SAI	1.965,00 €
Ultreia Comunicaciones, S.L.	2032	B36903193	C	Sistema de intercambio de arquivos seguro e non repudiable	13.542,00 €
Umbro, S.L.	1026	B36020121	A	Equipamento e mellora da infraestruturas de rede de datos interna de Umbro, S.L.	16.267,50 €
Uninova, S.L.	759	B15779028	B	Implantación dun software de control de mercadoría	18.360,00 €
Unión de Televisións Gallegas, S.A.	1859	A15766256	A	Sistema de continuidade de emisión, equipamento	1.940,80 €
Unión de Televisións Gallegas, S.A.	1961	A15766256	B	Sistema de continuidade de emisión, aplicación	5.971,60 €
Universal Textil de Galicia, S.L.	438	B36344000	B	Aplicación de xestión da rastrexabilidade na produción de sistemas Airbag	44.736,00 €
Útil Vigo, S.L.	88	B36756591	B	Aplicación para o control da produción das ordes de traballo na parte de deseño, materiais, subcontratas e metroloxía	22.980,00 €
Vego Supermercados, S.A.U.	571	A36651313	B	Implantación solución lóxística Wamas 4.5	80.000,00 €

Razón social/nome	Código expte. IN520A-2009	NIF	Tipo de actuación	Finalidade (título do proxecto)	Contía da axuda (€)
Velneo, S.A.	708	A36494706	D	Promoción Velneo	4.479,00 €
Viajes Atlántico, S.A.	1842	A15040330	B	Plataforma de venda en liña de paquetes turísticos en SWL con pasarela de pagamento	30.000,00 €
Vicus Art, S.L.L.	269	B36946671	C	Xestión informática Vicus Art	13.800,00 €
Vidan Martínez, María del Pilar	1656	33196070D	B	Plataforma de comercio electrónico en SWL con integración con ERP e BBDD de provedores	12.600,00 €
Vigotec, S.L.	1710	B36940419	B	Deseño e implantación dunha intranet/extranet na empresa baseada en código aberto	9.600,00 €
Viguesa de Transportes, S.L.	389	B36693778	B	Proxecto de mellora do software de cálculo de rutas	12.940,00 €
Viriato, S.A.	1409	A15024482	B	IN520A/aplicación informática: mellora e automatización de procesos lóxicos	36.250,00 €
Visual Microsystems, S.A.	560	A36333706	D	Promoción Visual Trans	11.886,50 €
Visual Project Management, S.L.	749	B70072913	B	IN520A	17.985,00 €
Voz Audiovisual, S.A.U.	1484	A15580418	A	Axudas aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)	17.381,00 €
Wireless Galicia, S.L.	1047	B15916760	C	Wg-cga: plataforma en código aberto para a xestión, operación e mantemento	32.700,00 €
Xornal de Galicia, S.A.	1994	A36588531	B	Creación dunha redacción integrada para Xornal de Galicia	10.000,00 €
Yepes Rodríguez, Susana	1600	32759680K	A	Syr servizos asistenciais	1.199,40 €
Yepes Rodríguez, Susana	2043	32759680K	B	Software para Syr servizos asistenciais	4.380,00 €
Zozo, S.L.	1904	B15534654	D	Presenza de Zozo en total media	10.126,80 €
Total					4.921.474,57 €

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 7 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Constitución española, no seu artigo 44.2º, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Ademais establece no artigo 149.1º 15 que o fomento e a coordinación da investigación científica e técnica son competencia exclusiva do Estado.

O Estatuto de Galicia recolle no seu artigo 27.19º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Esta lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT), como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de setembro de 2006, aprobou o PGIDIT 2006-2010 (Incite).

O Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, determina que estará integrada, entre outros depar-

tamentos, pola Consellería de Economía e Industria.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establece, no seu artigo 4º, que a Consellería de Economía e Industria está estruturada, entre outros órganos superiores, pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i).

O Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, entre outras funcións, a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias que en materia de investigación ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia; a elaboración, xestión, coordinación e control do PGI-DIT; a planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias e funcións da consellería nas materias de innovación tecnolóxica e innovación na xestión dos sectores produtivos e de infraestruturas tecnolóxicas.

O Incite ten como misión impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega. Este plan estrutúrase en tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais.

Dentro dos programas sectoriais inclúese o Programa de innovación empresarial que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. Para o desenvolvemento deste programa

sectorial no Incite prevese, entre outras cousas, a prestación de apoio financeiro mediante a convocatoria anual de axudas.

No ano 2010 terá lugar o Ano Santo, o que, sen dúbida, constitúe unha excelente oportunidade de desenvolvemento para Galicia, non só no aspecto turístico, senón que tamén é unha boa ocasión para darlle un impulso á innovación, fomentando aqueles proxectos que estean directamente relacionados con este acontecemento.

A Comisión Europea, mediante Decisión C (2009) 4558 (Axuda de Estado nº N 307/2009-España), autorizou o réxime temporal de axuda para conceder cantidades limitadas de axuda compatible, que se acollerán ao marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, publicado no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009 (en diante o marco temporal comunitario).

De acordo co marco temporal comunitario, nesta convocatoria prevese a concesión de axudas ás empresas galegas para o desenvolvemento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica que sirvan para darlle pulo ao Xacobeo 2010.

Consecuentemente con todo o anterior, o conselleiro de Economía e Industria en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 12/1989, do 4 de outubro, e 2/2007, do 28 de maio,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para a realización de actuacións por parte das empresas galegas en materia das tecnoloxías de información e as comunicacións (TIC) orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010 (código de procedemento: IN849A), que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que, a título exclusivamente informativo, figura como anexo II desta orde, que irá acompañado dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras, que deberán presentarse en único exemplar.

2. Os formularios de solicitude das subvencións deberán obter, cubrir, aceptar e imprimir necesariamente a través da aplicación informática establecida nos enderezos da internet <http://economiaeindustria.xunta.es/dxidi>. Poderanse cubrir e obter os

formularios ata as 24.00 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Para imprimir a solicitude no formulario válido é requisito imprescindible a súa aceptación previa por parte do solicitante, que deberá facerse obrigatoriamente, como mínimo, 24 horas antes do peche do prazo de presentación de solicitudes.

3. As solicitudes presentaranse preferentemente na Oficina de Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAP-PAC).

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 3º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez presentadas as solicitudes por parte dos interesados, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá exceder o 31 de decembro de 2009.

Artigo 4º.-Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN849A, poderase obter información adicional na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) Nos teléfonos 981 95 73 87 e 981 95 73 92 da devandita dirección xeral.

c) No enderezo electrónico info.segapi@xunta.es.

d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde Galicia) e 902 12 00 12 (desde o resto do Estado).

3. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no

artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de I+D+i para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. O obxectivo das subvencións reguladas nestas bases é o financiamento de accións orientadas á realización de produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Estas axudas quedarán suxeitas ao réxime N 307/2009, aprobado pola Comisión o 8 de xuño de 2009, de conformidade co establecido no marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, adoptado pola Comunicación da Comisión do 17 de decembro de 2008, que ten como obxectivo conceder unha axuda temporal ás empresas afectadas por unha escaseza ou unha indisponibilidade crediticia repentina a consecuencia da crise financeira e económica global.

4. Naqueles proxectos obxecto de subvención, en que participen empresas e dos cales derive unha axuda directa e cuantificable para as empresas participantes, esta axuda quedará amparada no marco temporal comunitario. Será requisito indispensable, para o aboamento da axuda que, xunto coa conta xustificativa, se achegue unha declaración xurada do representante legal de cada empresa participante, relativa ás axudas acollidas ao réxime *de minimis*, que recibisen durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en que se aprobou a axuda.

5. Consideraranse accións subvencionables:

a) Proxectos que poidan dar soporte mediante as TIC aos servizos de valor engadido para os turistas, peregrinos e público en xeral interesado no Xacobeo 2010, considerando especialmente as infraestruturas precisas para aplicacións baseadas en dispositi-

vos móbiles, localización ou xeoreferenciación, redes sociais e web 2.0.

b) Proxectos destinados á creación tecnoloxicamente innovadora de contidos e aplicacións informáticas relacionadas coa promoción do Xacobeo 2010 e/ou a valorización do seu patrimonio artístico, histórico e cultural. Dentro das aplicacións informáticas consideraranse de especial interese os desenvolvementos propios.

c) Proxectos relacionados coas infraestruturas tecnolóxicas e ferramentas destinadas á creación, difusión ou mellora de servizos audiovisuais de interese para a promoción ou soporte das actividades do Xacobeo 2010.

d) Proxectos que permitan mellorar as tecnoloxías de restauración, inventario e/ou estudo dos elementos históricos, artísticos e culturais vencellados ao Xacobeo.

e) Proxectos baseados nas TIC que permitan dar un impulso á innovación e mellora da competitividade e da calidade da oferta turística vencellada ao Xacobeo: promoción dixital do sector, mellora das relacións cos clientes, incremento da oferta de servizos e diferenciación, etc.

6. Terán a consideración de gastos subvencionables:

-Persoal técnico, con relación laboral, con dedicación á acción subvencionada. Considerarase a parte proporcional da nómina dedicada á acción, gastos sociais ou pagas extras efectivamente pagadas dentro dos prazos considerados.

-Persoal adicional técnico-científico que contrate a empresa para a realización do proxecto e que no momento da contratación non teña vinculación laboral coa empresa nin a tivese nos dous últimos anos. Na solicitude deberá figurar o perfil requirido para a persoa que se contrate.

-Servizos e colaboracións externas dedicadas ao proxecto co límite máximo do 20% do investimento subvencionable.

Entenderase por servizos tecnolóxicos aquelas actividades diferentes á investigación proposta que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como:

-Análises e ensaios de laboratorio.

-Enxeñaría para a montaxe e operación.

-Estudos e actividades complementarias.

-Consultorías externas.

Se a actividade a que se vaia realizar forma parte da propia investigación deberá ser considerada como subcontratación, e non como servizo tecnolóxico externo.

-Material funxible: adquisición de material funxible preciso para a realización da acción subvencionada.

-Subcontratacións con universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos ou outras empre-

sas, precisas para o proxecto e específicas para o seu desenvolvemento, debidamente pormenorizadas e xustificadas.

-Outros gastos necesarios para o desenvolvemento da acción, que estean suficientemente xustificadas. Non se poderá imputar por este concepto máis dun 12% do importe total da acción.

7. Con respecto aos gastos descritos no número 6 deste artigo, non será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE).

8. Estas subvencións terán unha única anualidade, polo tanto só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no número 6 deste artigo, que fosen realizados e pagados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación da subvención.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas que existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria. A aplicación orzamentaria sinalada cun asterisco está financiada parcialmente con fondos Feder.

<u>Aplicación orzamentaria</u>	<u>Crédito anualidade 2009</u>
44.02.561A.770.0*	827.027,55 €
44.02.741A.771.0	172.972,45 €
Total	1.000.000,00 €

2. A axuda que se vai conceder asume a forma de subvención a fondo perdido e a súa contía será de ata o 100% dos gastos subvencionables, sempre que exista crédito e quedará suxeita ás seguintes limitacións, de acordo co marco temporal comunitario:

a) As axudas recibidas por unha mesma entidade non poden exceder os 500.000 euros (todas as cifras utilizadas serán importes brutos, é dicir, antes de impostos ou doutras deducións), aínda que se computarán para a dita acumulación tamén as axudas recibidas por unha mesma entidade acollidas ao réxime de *minimis*, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2010, e non poden as axudas acollidas ao marco ir destinadas aos mesmos custos subvencionables que as axudas de *minimis* recibidas.

b) As axudas que se concedan poden acumularse con outras axudas compatibles ou con outras formas de financiamento comunitario, sempre que se respecten as intensidades de axuda máxima indicadas nas directrices ou nos regulamentos de exención por categorías aplicables.

c) As axudas reguladas nesta orde son axudas transparentes no sentido do artigo 2 número 6 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, as empresas de carácter privado con personalidade xurídica que

estean validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma galega.

2. Este réxime de axudas non poderá aplicarse a empresas activas nos sectores da pesca e da agricultura; a axudas á exportación nin a axudas que favorezan os produtos nacionais fronte aos produtos importados; a empresas activas na produción agrícola primaria; a empresas especializadas na transformación e comercialización de produtos agrícolas se o importe da axuda se establece en función do prezo ou da cantidade de produtos dese tipo comprados polos produtores primarios ou comercializados polas empresas afectadas, ou se a concesión da axuda se supedita á obriga de cedela total ou parcialmente a produtores primarios.

3. A axuda só poderá outorgarse a entidades que non estivesen en crise o 1 de xullo de 2008, segundo o disposto no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* C 244/2, do 1 de outubro de 2004, ou segundo o disposto no número 7 do artigo 1 do Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto (Regulamento xeral de exención por categorías).

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria, e constarán dos seguintes documentos:

a) Formulario normalizado de solicitude, en único exemplar, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, impreso, unha vez que a solicitude fose aceptada, sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou riscadas no seu formato orixinal. Estes formularios deberán ser asinados polo representante legal da entidade solicitante. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificacións. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación á Dirección Xeral de I+D+i de calquera cambio que se produciase neles.

b) *Curriculum vitae* de todos os membros do equipo humano asignado ao proxecto. Este documento deberase engadir obrigatoriamente na aplicación informática, sinalada no artigo 2 da convocatoria, como documento en formato Word ou PDF a través do mecanismo habilitado para tal efecto.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas. De ser o caso, copia simple da resolución de concesión doutras axudas.

d) Declaración responsable sobre as axudas recibidas ao abeiro do marco temporal comunitario desde o 1 de xaneiro de 2008, así como doutras axudas de Estado obtidas para os mesmos custos subvencionados.

bles, e axudas *de minimis* concedidas por calquera proxecto ao solicitante desde o 1 de xaneiro de 2008, con indicación do importe, organismo, data de concesión, réxime de axudas en que se ampara e obxectivo da axuda e custos subvencionados; ou, de ser o caso, declaración de non ter recibido ningunha. Así mesmo, declararase a intensidade máxima autorizada pola Unión Europea para cada axuda de Estado concedida para os mesmos custos subvencionables, e indicarse a porcentaxe que representa cada axuda percibida respecto dos custos subvencionables.

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007.

f) Copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.

g) Copia compulsada do poder bastante con que actúa o representante legal da entidade solicitante.

h) Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, de ser o caso, da persoa xurídica a que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

i) Declaración pola que se autoriza ou non á Consellería de Economía e Industria para realizar a consulta telemática sobre a comprobación de atoparse ao día das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. A documentación recollida nas alíneas c), d), e) e i) obterase da aplicación informática sinalada no artigo 2 da convocatoria.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, a presentación da solicitud de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento. Neste caso, deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Consonte o establecido no mesmo artigo, se o solicitante indica que certos documentos que se deban usar neste procedemento xa están no poder da Administración actuante, a presentación da solicitud implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a eles. Neste caso, o solicitante deberá facer constar a data e o órgano en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e non poden ter transcorrido máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así

como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitud leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de I+D+i será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención. Correspóndelle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución do procedemento.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da LRXAP-PAC, se a solicitud non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria ou nas bases reguladoras requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5.1º desta convocatoria resulta que o solicitante non se atopa ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse do solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta convocatoria, nas bases reguladoras ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, en que se indicarán as causas desta.

5. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitud, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos

criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) O subdirector xeral de Xestión do PGIDIT, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.

b) O xefe do Servizo Galego de Propiedade Industrial e Innovación Empresarial, ou persoa en quen delegue.

c) Unha persoa experta en xestión da innovación designada polo director xeral de I+D+i.

d) O xestor do Programa de TIC.

e) Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de I+D+i, que actuará como secretario/a con voz e voto.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

1. As actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e adecuarse aos obxectivos da orde.

2. Na valoración realizada pola comisión de valoración teranse en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

a) Valoración científico-técnica do proxecto (70 puntos).

i. Capacidade de I+D do equipo de investigación (máximo 10 puntos). Será causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 3 puntos. Teranse en conta:

1. A valoración científico-técnica da empresa para desenvolver o proxecto, así como a experiencia da empresa e o seu equipo de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores e a transferencia de resultados ao seu sector produtivo.

2. No caso de contar con subcontratacións, a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal; o nivel científico-técnico; e a adecuación de tamaño e a composición do equipo de investigación.

ii. Proxecto de investigación (máximo 60 puntos). Será causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 20 puntos. Teranse en conta:

1. Calidade científico-técnica do proxecto (máximo 30 puntos): novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes; claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos; aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados; interese para a promoción e mellora da oferta de servizos do Xacobeo 2010 e posibles beneficios.

2. Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos): viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo.

3. Adecuación do orzamento do proxecto (máximo 10 puntos): terase en conta o grao de xustificación do orzamento para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto.

b) Coherencia dos obxectivos do proxecto coa política científica e tecnolóxica da Xunta de Galicia (máximo 12 puntos).

c) Valoración dos resultados obtidos pola empresa en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia (máximo 5 puntos).

d) Proxectos que se realicen con subcontratación de organismos públicos de investigación ou con centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia (máximo 5 puntos).

e) Empresas adheridas ás plataformas tecnolóxicas galegas e activas nos seus correspondentes grupos de traballo, así como empresas cualificadas como IEBT (iniciativas de emprego de base tecnolóxica) pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar (máximo 5 puntos).

f) Aplicación do principio de igualdade de xénero: Teranse en conta o grao de dedicación ao proxecto e a participación equilibrada de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación (máximo 1 punto).

g) Pola utilización da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co establecido no artigo 20.2º da Lei 9/2007 (máximo 1 punto).

h) Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (máximo 1 punto).

3. A comisión de valoración poderá determinar o número máximo de proxectos que poden ser obxecto destas subvencións para cada solicitante, así como a puntuación por debaixo da cal non se propón o seu financiamento.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o punto anterior cando non figuren no proce-

demento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao conselleiro de Economía e Industria, que ten a competencia para resolver estas axudas, sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da consellería. Esta resolución deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Á vista da proposta formulada pola comisión de valoración a través do órgano instructor e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, ao non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Economía e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos:

- a) As entidades beneficiarias da axuda.
- b) O importe global da axuda para cada entidade.
- c) A relación priorizada de posibles suplentes.
- d) A desestimación expresa do resto das solicitudes.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007, todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da LRXAP-PAC. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual de concesión de axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, con indicación neste caso da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses

contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto de subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria logo da instrución do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10 desta convocatoria.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A renuncia á subvención poderase facer solicitando un modelo para esta na Dirección Xeral de I+D+i, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da LRXAP-PAC.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daqueloutras específicas que se indiquen nos anexos desta convo-

catoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da comunidade autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Non superar as porcentaxes máximas de acumulación de axudas establecidas na normativa comunitaria europea.

e) Solicitalle á Dirección Xeral de I+D+i, previamente á súa realización, e, en todo caso, antes de que remate o prazo de xustificación da subvención, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento dos proxectos aprobados. Terase en conta que a realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a devolución das cantidades desviadas.

Artigo 16º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a totalidade da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar nos lugares sinalados no artigo 2º desta convocatoria, e na data límite do 18 de decembro de 2009, un exemplar da seguinte documentación:

a) Un resumo da execución do investimento en que conste o concepto subvencionable, o provedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gastos.

b) Xustificación do investimento: copia compulsada das facturas en relación cos gastos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación da subvención.

c) Xustificación do pagamento: transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior ao 10 de decembro de 2009. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, a satisfacción do importe total da factura e o concepto a que corresponden.

d) No caso dos custos de persoal, tanto propio como adicional contratado, destinado ao proxecto, deberá achegarse:

Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do xerente ou director da empresa, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto que deberá incluír os seguintes datos: sinatura do traballador, DNI, nome, apelidos, posto na empresa, labor desenvolvido no proxecto, retribución bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á empresa, data de pagamento da S.S. e custo total imputado ao proxecto (retribucións+S.S.). A esta certificación xuntarase fotocopia compulsada das nóminas e dos TC2 dos traballadores imputados ao proxecto, xunto cos xustificantes de pagamento destes documentos.

e) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe efectuar o pagamento da subvención, en que conste a razón social e o CIF/NIF do titular, así como o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

f) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas como concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

g) Unha memoria do desenvolvemento da actividade en que se recolla o grao de cumprimento dos obxectivos da actuación subvencionada, así como os datos e incidencias máis significativos que houbo na súa execución.

2. Se transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no punto anterior, a Dirección Xeral de I+D+i requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente, advertíndolle que a falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito á subvención e á existencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

3. Malia o disposto no punto anterior, o órgano concedente da subvención poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiro. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 49 da LRXAP-PAC.

4. En todo caso, o prazo de xustificación, incluída a ampliación, deberá permitirlle ao órgano concedente a verificación do cumprimento dos requisitos

fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario correspondente.

5. Cando se aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porase no seu coñecemento e concederáselle un prazo de dez días para a súa corrección.

6. No caso de que algunha entidade que recibise un anticipo no momento da resolución, de acordo co establecido no artigo seguinte, non realizase ningunha parte do proxecto subvencionado, procederá ao reintegro da cantidade recibida no prazo establecido para a xustificación da subvención, polo procedemento que lle indicará a Dirección Xeral de I+D+i.

Artigo 17º.-*Pagamento.*

1. Con carácter xeral, o aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 80% do total do orzamento de gastos da acción subvencionada, en concepto de anticipo, que será concedido mediante resolución motivada, no momento da concesión, no caso de que a entidade así o fixese constar na solicitude de subvención.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións subvencionadas e xustificadas os gastos realmente efectuados, de acordo co establecido nesta orde de convocatoria.

c) No caso de pagamentos á conta ou anticipos, exímese, de forma excepcional, da presentación de garantías por ter sido autorizado polo Consello da Xunta.

2. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao pagamento final da subvención, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Artigo 18º.-*Graduación dos incumprimentos, reintegros e sancións.*

1. A entidade beneficiaria da subvención deberá cumprir cos obxectivos, proxectos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como os compromisos asumidos nela. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento, e/ou, de ser o caso, procederá o reintegro da subvención.

Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei.

2. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustifica-

ción será causa de perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro total da subvención.

3. O incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

4. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a perda do dereito ao cobramento ou á devolución das cantidades desviadas.

5. Sen prexuízo do anterior, aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 19º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto das subvencións.

2. Ademais disto, os xestores do Programa de innovación empresarial poderán realizar nas entidades receptoras de subvencións, en calquera momento, as comprobacións e aclaracións que consideren necesarias para o correcto desenvolvemento da acción subvencionada; se se constatase unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, poderán propoñer a suspensión da subvención concedida. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+i poderá convocar os responsables da entidade beneficiaria da subvención, se o considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

3. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no marco temporal comunitario e na restante normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación

ANEXO II



Investimos no seu futuro



SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DE ACCIÓNS ORIENTADAS A PRODUTOS OU SERVIZOS DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA RELACIONADOS CO XACOBEO 2010

ANO 2009

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS INNOVACIÓN TECNOLÓXICA XACOBEO 2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN849A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		NIF / CIF	ACRÓNIMO
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E, na súa representación legal:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF

DATOS DA SOLICITUDE

TÍTULO DO PROXECTO			
CUSTO DO PROXECTO (excluído o IVE)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (euros)	PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SOLICITADA	
TIPO DE ACCIÓN SOLICITADA (poden marcarse varias)		RESUMO DE CUSTOS DO PROXECTO	
A. PROXECTOS QUE POIDAN DAR SOPORTE MEDIANTE AS TIC A SERVIZOS DE VALOR ENGADIDO PARA OS TURISTAS, PEREGRINOS E PÚBLICO EN XERAL INTERESADO NO XACOBEO 2010.	<input type="checkbox"/>	TIPOLOXÍA DE GASTO	IMPORTE SEN IVE
B. PROXECTOS DESTINADOS Á CREACIÓN TECNOLÓXICAMENTE INNOVADORA DE CONTIDOS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DO XACOBEO 2010 E/OU A VALORIZACIÓN DO SEU PATRIMONIO ARTÍSTICO, HISTÓRICO E CULTURAL.	<input type="checkbox"/>	PERSONAL TÉCNICO PROPIO	
C. PROXECTOS RELACIONADOS COAS INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS E FERRAMENTAS DESTINADAS Á CREACIÓN, DIFUSIÓN OU MELLORA DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE INTERESE PARA A PROMOCIÓN OU SOPORTE DAS ACTIVIDADES DO XACOBEO 2010.	<input type="checkbox"/>	PERSONAL TÉCNICO ADICIONAL	
D. PROXECTOS QUE PERMITAN MELLORAR AS TECNOLOXÍAS DE RESTAURACIÓN, INVENTARIO E/OU ESTUDO DOS ELEMENTOS HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS E CULTURAIS VENCELLADOS AO XACOBEO.	<input type="checkbox"/>	SERVIZOS E COLABORACIÓNS EXTERNAS:	
E. PROXECTOS BASEADOS NAS TIC QUE PERMITAN DAR UN IMPULSO Á INNOVACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DA CALIDADE DA OFERTA TURÍSTICA VENCELLADA AO XACOBEO.	<input type="checkbox"/>	MATERIAL FUNXIBLE:	
		SUBCONTRATACIÓNS:	
		OUTROS GASTOS	
		TOTAL:	

MODALIDADE DE PAGAMENTO

<input type="checkbox"/> SOLICITA ANTICIPO	<input type="checkbox"/> NON SOLICITA ANTICIPO
--	--

OBSERVACIÓNS

Xuntar a esta solicitude a documentación indicada no artigo 4º do ANEXO I da convocatoria. A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, rúa dos Feáns nº 7 - baixo, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto do escrito o texto "Dereitos LOPD - procedemento IN849A".

LEXISLACIÓN APLICABLE Orde do 7 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o financiamento de accións orientadas a produtos ou servizos de innovación tecnolóxica relacionados co Xacobeo 2010, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.
SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE de de 2009

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 6 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán aos organismos responsables na comunidade autónoma a homologación destes cursos, e, no seu artigo 9, a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que vai ter lugar.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicador/manipulador de biocidas, nivel básico, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Política Social e de Agricultura do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, solicitado pola entidade *Sanea Control, S.L.*, de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso: curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel básico.

2. Entidade organizadora: *Sanea Control, S.L.*

3. Data: os días 20, 21, 22 e 23 de outubro de 2009.

4. Lugar de realización: Casa Grande de Viloiira, Lugar de Viloiira. Rúa Elena Quiroga, 11, 32315 O Barco de Valdeorras (Ourense).

5. Número de prazas: 15 alumnos.

6. Dirixido a: todo o persoal auxiliar das empresas que apliquen e/ou manipulen produtos biocidas.

7. Criterios de selección: por rigorosa orde de recepción de inscricións.

8. Presentación de solicitudes: solicitude segundo o modelo anexo.

9. Programa:

*Día 20/10

16.00-19.00 h Pragüicidas. Historia. Descrición e xeneralidades. Lexislación
19.00-21.15 h Xeneralidades sobre pragas ambientais e da industria alimentaria

*Día 21/10

16.00-17.00 h Riscos para o home derivados do uso dos praguicidas
17.00-18.00 h Hixiene e seguridade no manexo e aplicación de praguicidas
18.00-19.00 h Pragüicidas e ambiente. Problemas. Destrución de envases
19.00-21.15 h Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios na intoxicación por praguicidas

*Día 22/10

16.00-18.45 h Métodos de loita antivectorial
18.45-21.15 h Técnicas de aplicación de praguicidas. Desinfección ambiental. Lexionela

*Día 23/10

16.00-20.15 h Prácticas.
-Preparación de disolucións de produtos
-Exercicios prácticos
-Interpretación de pictogramas e etiquetas de praguicidas.
-Boas prácticas de almacenaxe de praguicidas
20.15-21.15 h Avaliación tipo test

10. Certificado de superación do curso: é obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polo alumno e, en caso de superalas, expedirá o certificado correspondente con que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de biocidas, nivel básico.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009.

Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Saúde Pública e Planificación

ANEXO

**Ficha de solicitude de inscrición
Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de
produtos biocidas. Nivel básico**

Entidade organizadora: *Sanea Control, S.L.*

Datas: os días 20, 21, 22 e 23 de outubro de 2009.

Lugar de celebración do curso: Casa Grande de Viloiira. Lugar de Viloiira. Rúa Elena Quiroga, 11, 32315 O Barco de Valdeorras (Ourense).

Duración: 20 horas teórico/prácticas e 1 hora de avaliación

Horario: 16.00-21.15 horas.

Nº de prazas: 15 alumnos.

Presentación de solicitudes: enviarase a ficha de inscrición xunto cunha copia do DNI, fotografía tamaño carné e xustificante de pagamento a *Sanea Control, S.L.*, avda. da Mahía 106, baixo, Bertamiráns-Ames, 15220 A Coruña. Teléfono: 981 88 69 24/639 60 63 81. Fax: 881 24 29 45, correo electrónico saneacontrol@yahoo.es

Data límite de presentación de solicitudes: ata o día 13 de outubro de 2009.

Criterio de selección: por rigorosa orde de recepción da solicitude.

NOME:		APELLIDOS:	
CARGO/ACTIVIDADE DESEMPEÑADA:			
EMPRESA:		SECTOR ACTIVIDADE:	
ENDEREZO:			CP:
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
TELEFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:	

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/unha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá decla-

rarse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e de un mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma para o caso doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugna-la directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.C02.00.003.15770.001.

Denominación do posto: vicesecretario/a xeral.

Grupo: A.

Nivel: 30.

C. específico: 19.387,16 euros.

Corpo ou escala: xeral.

Adscrición administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.).

Formación específica: 640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).

Dependencia: Vicesecretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence		Grupo	Nº de R.P.
Enderezo, rúa e nº		Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL					
Consellería			Dependencia	Localidade	

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutra administración pública, tramitarse o seu traslado a esta comunidade autónoma, conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo destino, e dun mes se radica en

localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.C07.00.001.15770.001.
Denominación do posto: subdirector/a xeral de Xogo e Espectáculos Públicos.
Grupo: A.
Nivel: 30.
C. específico: 19.387,16.
Corpo ou escala: xeral.
Adscrición administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.).
Formación específica: 640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).
Dependencia: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
Localidade: Santiago de Compostela.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: úsese o publicado na páxina 16.452.

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 6 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 480/2009, interposto por Miguel Lemus Barros e cinco máis.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 480/2009, interposto por Miguel Lemus Barros, Raquel Carballido Reboredo, Jorge Sequeiros Pereira, Rubén Alonso Pérez, José Antonio Vergara Gil e Arturo Lorenzo García contra as resolucións do 15 e 16 de abril de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polas que se desestiman os recursos de alzada formulados contra a Resolución do 26 de xaneiro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros/as técnicos/as industriais, pola quenda de acceso libre, pola que se publican as puntuacións do segundo exercicio da fase de oposición (DOG nº 23, do 3 de febreiro de 2009).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 15 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008.

Nas sesións que tiveron lugar os días 14 e 15 de outubro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo), e de conformidade co dis-

posto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Modificar no modelo de respostas publicado, a contestación á pregunta número 81 do primeiro exercicio, de maneira que a resposta correcta é a letra a).

Segundo.-Anular, con base nas alegacións presentadas, as preguntas número 9, 22, 41, 42, 76 e 82; serán substituídas as dúas primeiras polas preguntas de reserva número 81, corrixida no primeiro punto, e número 83.

De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Cuarto.-Que, de acordo co establecido na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, o número total de respostas acertadas para obter a cualificación de aprobado (15 puntos) é de corenta e seis (46).

Quinto.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos/polos aspirantes que se presentaron ao primeiro exercicio do proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Sexto.-Que, de acordo co disposto na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

Miguel Ángel Otero Soto
Presidente do tribunal

Resolución do 15 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008.

Na sesión que tivo lugar o día 15 de outubro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia subgrupo C1, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo), e de conformidade co

disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Modificar no modelo de respostas publicado a contestación á pregunta número 52 do primeiro exercicio, de maneira que a resposta correcta é a letra a).

Segundo.-Anular, de acordo coas alegacións presentadas, as preguntas número 32 e 54, que pasan a ser substituídas polas preguntas de reserva número 81 e 82.

De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso dealzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Cuarto.-De acordo co establecido na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, así como na Resolución do 31 de agosto de 2009 (DOG número 176, do 8 de setembro), o número total de respostas acertadas para obter a cualificación de aprobado (15 puntos) é de corenta e cinco (45).

Quinto.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos/polas aspirantes que se presentaron ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Sexto.-De acordo co disposto na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

Miguel Ángel Otero Soto
Presidente do tribunal

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(526/2009).*

Eu, Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña,

fago saber que no procedemento de demanda 526/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de José Félix Leis Rey contra a empresa *Carrocerías Santiago, S.L.*, e *Grúas y Basculantes Beiras, S.L.*, sobre despedimento, ditouse resolución do teor literal seguinte:

«Providencia:

Javier Fraga Mandián.

Na Coruña, o 17 de setembro de 2009.

Únase o escrito presentado pola demandada aos autos da súa razón. Tense por efectuada en tempo e forma a opción da parte demandada a favor do aboamento da indemnización ao traballador. Déase trasladado á parte demandante para o seu coñecemento.

Notifíquese a dita resolución.

Modo de impugnala: mediante recurso de reposición, que se presentará neste xulgado dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da súa notificación, cuxa soa interposición non suspenderá a executividade do que se acorda (artigo 184.1º da Lei de procedemento laboral)

E, para que lle sirva de notificación en legal forma a *Carrocerías Santiago, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido esta cédula de notificación para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*».

Advérteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que revistan forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

A Coruña, 17 de setembro de 2009.

Ana María Carrasco García
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (620/2007).

Eu, María Jesús Pérez Fernández, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela, fago saber que no procedemento de demanda 620/2007 deste xulgado do social, seguido por instancia de Carlos Alonso Veloso contra as empresas *Novio Mas Taboada y Asociados, S.L.* e *Arquitectos Asociados Santiago Gestión, S.A.*, sobre ordinario, ditouse sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Resolución:

Estímase a demanda formulada por Carlos Alonso Veloso contra *Novio Mas Taboada y Asociados, S.L.*, e *Arquitectos Asociados Santiago Gestión, S.A.*, o administrador concursal de *Novio Mas Taboada y Asociados,*

S.L., Julio Ignacio Santiago García e o Fogasa, e en consecuencia:

Condénase a *Novio Mas Taboada y Asociados, S.L.*, e a *Arquitectos Asociados Santiago Gestión, S.A.*, a aboarlle solidariamente a Carlos Alonso Veloso a cantidade de oito mil douscentos corenta e oito euros con noventa céntimos (8.248,90 euros) máis o xuro legal do 10%, xerando a dita cantidade os xuros legais previstos no artigo 576 da LAC.

Todo iso sen prexuízo da responsabilidade que lles corresponda aos administradores concursais, debendo o Fogasa estar e pasar por tales declaracións, respondendo delas de conformidade coa súa propia normativa.

Contra esta resolución cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberá anunciarse ante este xulgado no prazo dos cinco días seguintes á notificación desta resolución, e bastará a manifestación da parte ou do seu avogado ou representante dentro do prazo indicado.

Se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuita deberá, ao anunciar o recurso, ter consignado a cantidade obxecto da condena, así como o depósito de 150,25 euros na conta de depósitos e consignacións que ten aberta este xulgado facendo constar no ingreso o número de procedemento.

Así o acorda, manda e asina Nicolás E. Pita Lloveres, maxistrado do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela (A Coruña).

E, para que lle sirva de notificación en legal forma a *Arquitectos Asociados Santiago Gestión, S.A.*, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Advírteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que revistan forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2009.

María Jesús Pérez Fernández
Secretaria xudicial

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 29 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se notifica a resolución ditada no expediente sancionador en materia de xogo OU-43/08.

Intentada a práctica da notificación directa á entidade denominada *Recreativos Enxebres, S.L.*, en relación

co expediente sancionador en materia de xogo OU-43/08 que se relaciona no anexo que se achega, e ao non poder efectuarse, esta Dirección Xeral de Emerxencias e Interior resolve, ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), proceder á notificación da dita resolución por medio da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de edictos do concello de Barbadás (Ourense).

A entidade interesada poderá examinar a citada resolución completa no Servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, situado na rúa Roma 25-27 de Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Contra a resolución do expediente indicado, que non esgota a vía administrativa, poderá a interesada intepoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral de Emerxencias e Interior

ANEXO

Expediente: OU-43/08.

Interesado: *Recreativos Enxebres, S.L.*

CIF: B-32210445.

Último enderezo coñecido: Lugar da Valenzá, nº 109, 2-4 h. 32890 Barbadás (Ourense).

Data da resolución: 31 de agosto de 2009.

Tipificación e precepto infrinxido: infracción moi grave do artigo 28 a) da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Sanción: 18.000,01 euros.

Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se notifica a resolución ditada no expediente sancionador en materia de xogo P-143/08.

Intentada a práctica da notificación directa á entidade denominada *Recreativos Enxebres, S.L.*, en relación co expediente sancionador en materia de xogo P-143/08 que se relaciona no anexo que se achega, e ao non poder efectuarse, esta Dirección Xeral de Emerxencias e Interior resolve, ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

(modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), proceder á notificación da dita resolución por medio da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de edictos do concello de Barbadás (Ourense).

A entidade interesada poderá examinar a citada resolución completa no Servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, situado na rúa Roma núm.: 25-27 de Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica nos concellos de Culleredo e Cambre. (Expediente IN407A 09/207).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., CC.TT. Factory-Outlet-Alvedro.

Situación: concellos de Culleredo e Cambre.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 1,484 km con orixe na cela de liña en C.T. Factory-Outlet nº 1 e final na cela telecontrolada proxectada no C.R. Sigrás existente, en condutor tipo R.H.Z.1-OL (3x1x240 mm²).

Centro de transformación prefabricado nº 1, 2 e 3, cunha potencia 2x630 kVA p.u., relación de transformación de 15.000/400-230 V.

Centro de transformación prefabricado nº 4, cunha potencia 400 kVA, relación de transformación de 15.000/400-230 V.

Cela modular telecontrolada proxectada no C.R. Sigrás existente. Concellos de Culleredo e Cambre.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das cesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Narón. (Expediente IN407A 09/241).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. estrada de Castela, nº 947.

Situación: concello de Narón.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión subterránea, a 15/20 kV, cunha lonxitude de 400 m, con orixe e final na L.M.T.S. a C.T. Rivera, condutor tipo R.H.Z.1 12/20 kV-3 (1x240) Al.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 250 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Narón.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das cesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Boiro. (Expediente IN407A 09/254).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.S. Peralto II.

Situación: concello de Boiro.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,020 km, con orixe e final na L.M.T.S. BOI802 entre C.T. Peralto e C.T. Ponte Coroño, condutor tipo R.H.Z.1 12/20 kV 3 (1x240) Al.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Boiro.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Carballo. (Expediente IN407A 09/256).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T. rúa Ponte da Pedra, nº 75.

Situación: concello de Carballo.

Características técnicas: liña eléctrica de media tensión subterránea a 15/20 kV, cunha lonxitude de 0,122 km, con orixe en empalmes proxectados que se realizarán na L.M.T. CBL-707A, tramo entre C.T. Álvaro Cunqueiro, nº 4 e C.T. Arxentina, condutor tipo R.H.Z.1 12/20 kV 3 (1x240) Al, e final no C.T. Ponte da Pedra, nº 75 proxectado.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e relación de transformación de 15.000/400-230 V. Concello de Carballo.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Muros. (Expediente IN407A 09/278).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: pza. da Constitución, 17, 15270 Cee (A Coruña).

Denominación: adecuación L.M.T. derivada ao C.T. Salto.

Situación: concello de Muros.

Características técnicas: liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,714 km, con orixe en apoio da L.M.T. Outes-Muros, condutor tipo LA-56/54,6 mm², e final no apoio da L.M.T., C.T. Salto. Concello de Muros.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución da devandita instalación, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

Esta autorización outórgase sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

A instalación executarase nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Tristana Moraleja Gómez
Xefa territorial da Coruña

Resolución do 24 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello do Porriño. (Expediente IN407A 09/757-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. O Covelo-Atios.

Situación: O Porriño.

Características técnicas:

L.M.T. aérea a 15 kV de 0,081 km con orixe no apoio C2000 16 e final no HVH1600 S13 proxectado.

L.M.T. subterránea a 15 kV de 0,398 km con orixe no apoio HVH1600 S13 e final no novo C.T. O Covelo-Atios.

C.T. con relación 15/400-230 V de 160 kVA situado nun terreo municipal en Santa Eulalia do Covelo.

R.B.T. subterránea de 0,070 km e R.B.T. aérea de 0,37 km.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións neste departamento territorial, avda. Fernández Ladreda, 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 24 de setembro de 2009.

Ignacio Rial Santomé
Xefe territorial de Pontevedra

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 16 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da subministración de instrumentos musicais con destino aos conservatorios de música dependentes desta consellería. (Expediente ED-10/09SU).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento. Servizo de Contratación e Equipamento.

c) Número de expediente: ED-10/09SU.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: adquisición da subministración de instrumentos musicais que se describe no correspondente prego de prescricións técnicas.

b) División por lotes e número: si, 5 lotes.

c) Lugar de entrega e instalación: almacén da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sito no polígono industrial de Toedo, concello da Estrada (Pontevedra) ou no centro educativo que se sinale en función do volume de artigos para entregar.

d) Prazo de entrega: 20 días ou o prazo ofertado polo adxudicatario se fose inferior.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Orzamento base de licitación.

Prezo: 156.293 euros (IVE excluído). IVE: 25.007 euros, cuxa distribución por lotes é a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

Importe total: 181.300 euros.

5. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5% do orzamento base de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

c) Teléfono: 981 54 44 60.

d) Poderanse consultar e/ou obter os pregos así como a información correspondente a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=12878

7. Presentación das ofertas.

a) Prazo de presentación: as proposicións presentaranse no prazo de quince (15) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Hora límite de presentación: ata as 14.00 horas do último día de presentación de proposicións.

c) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Lugar de presentación:

1ª) Entidade: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (881 99 91 49) no mesmo día.

2ª) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data e hora: a apertura das proposicións efectuarase o oitavo día hábil ás 10.00 horas, contado desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións, a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso en que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

9. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2009.

José Luis Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Resolución do 16 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da subministración de mobiliario para bibliotecas e aulas de idiomas para os distintos centros educativos dependentes desta consellería. (Expediente ED-09/09SU).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento. Servizo de Contratación e Equipamento.

c) Número de expediente: ED-09/09SU.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: adquisición da subministración de mobiliario para bibliotecas e aulas de idiomas que se describe no correspondente prego de prescricións técnicas.

b) División por lotes e número: si, 3 lotes.

c) Lugar de entrega e instalación: almacén da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sito no polígono industrial de Toedo, concello da Estrada (Pontevedra) ou no centro educativo que se sinala en función do volume de artigos para entregar.

d) Prazo de entrega: 20 días ou o prazo ofertado polo adxudicatario se fose inferior.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Orzamento base de licitación.

Prezo: 155.387,93 euros (IVE excluído). IVE: 24.862 euros, cuxa distribución por lotes é a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

Importe total: 180.250 euros.

5. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5% do orzamento base de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

c) Teléfono: 981 54 44 60.

d) Poderanse consultar e/ou obter os pregos así como a información correspondente a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=12877

7. Presentación das ofertas.

a) Prazo de presentación: as proposicións presentaranse no prazo de quince (15) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Hora límite de presentación: ata as 14.00 horas do último día de presentación de proposicións.

c) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Lugar de presentación:

1ª) Entidade: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (881 99 91 49) no mesmo día.

2ª) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data e hora: a apertura das proposicións efectuarase o oitavo día hábil ás 10.00 horas, contado desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións, a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso en que se prorrogaría o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

9. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2009.

José Luis Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Resolución do 16 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da subministración de material didáctico de primaria para os distintos centros educativos dependentes desta consellería. (Expediente ED-08/09SU).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento. Servizo de Contratación e Equipamento.

c) Número de expediente: ED-08/09SU.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: adquisición da subministración de material didáctico que se describe no correspondente prego de prescricións técnicas.

b) División por lotes e número: si, 12 lotes.

c) Lugar de entrega e instalación: almacén da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sito no polígono industrial de Toedo, concello da Estrada (Pontevedra) ou no centro educativo que se sinala en función do volume de artigos para entregar.

d) Prazo de entrega: 20 días ou o prazo ofertado polo adxudicatario se fose inferior.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no punto 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Orzamento base de licitación.

Prezo: 204.202,59 euros (IVE excluído). IVE: 32.672,40 euros, cuxa distribución por lotes é a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

Importe total: 236.875 euros.

5. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5% do orzamento base de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

c) Teléfono: 981 54 44 60.

d) Poderanse consultar e/ou obter os pregos así como a información correspondente a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=12876

7. Presentación das ofertas.

a) Prazo de presentación: as proposicións presentaranse no prazo de quince (15) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Hora límite de presentación: ata as 14.00 horas do último día de presentación de proposicións.

c) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Lugar de presentación:

1ª) Entidade: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (881 99 91 49) no mesmo día.

2ª) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data e hora: a apertura das proposicións efectuarase o oitavo día hábil ás 10.00 horas, contado desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións, a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso en que se prorrogaría o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

9. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2009.

José Luis Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 23 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se notifica a baixa da autorización e cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5º e 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle a resolución de 23 de setembro de 2009 sobre baixa da autorización turística e cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas dos establecementos relacionados no anexo.

Tendo comprobado a inspección turística que os establecementos que figuran no anexo, cos datos e últimos enderezos que tamén se sinalan, non exercen a actividade para a que foron autorizados no seu día e considerando que por parte deste organismo se efectuou o preceptivo trámite de audiencia a que fai referencia o artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, respecto do cal os interesados non efectuaron alegacións.

Este departamento territorial resolve dar de baixa os establecementos que se sinalan no anexo e comunícalo a Secretaría Xeral para o Turismo para os efectos da súa cancelación no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma galega.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Pontevedra, 23 de setembro de 2009.

José María Picallo Búa
Xefe territorial de Pontevedra

ANEXO

Denominación	Categoría	Enderezo	Concello	Titular
Savoy	Restaurante	Gómez Abal, 14	Vilagarcía de Arousa	Juventud Doval Pérez
Salva	Restaurante	San Roque, 21	Vilagarcía de Arousa	Mª Asunción Iglesias Paton
Tres Portiñas	Restaurante	Juán García, 18	Vilagarcía de Arousa	José Leis Lago
Derby	Restaurante	González Garra	Vilagarcía de Arousa	Inocencio Tuñez Valiña
Entra y Verás	Restaurante	Héroes del Alcázar, 23	Vilagarcía de Arousa	Antonio Salgado Rodríguez
Compostela	Restaurante	González Garra	Vilagarcía de Arousa	Carmen García Charlín
Barlovento	Restaurante	Lg. de Carril	Vilagarcía de Arousa	José Ignacio Vidal Longa
El Ramal	Restaurante	Rosalía de Castro, 20	Vilagarcía de Arousa	Beatriz Martínez Armas
Casa Oliva	Restaurante	Lugar de Carril	Vilagarcía de Arousa	Flora Ríos del Río
Amadeo	Restaurante	Praza Generalísimo	Ponteareas	Elvira González Cuiña
Sucesores de Peña	Restaurante	Paseo Matutino, 38	Ponteareas	<i>Sucesores de Peña, S.L.</i>
Castillo	Restaurante	Paseo Matutino	Ponteareas	Benjamín Blanco Castillo
Antonio	Restaurante	Lg. Eirado Guillade	Ponteareas	José Antonio Martínez Santomé
Sorguiña	Restaurante	Ciclista Emilio Rodríguez	Ponteareas	Martina Aramendi Valdes
Piri-Piri	Restaurante	Av. Estrada	Ponteareas	Jesús Maceira Valente
As Meigas	Restaurante	Avda. 18 de Julio, 15	Ponteareas	<i>Restaurante Meigas, S.L.</i>
Xastríño	Restaurante	Alcázar de Toledo	Ponteareas	Celia Iglesias Araujo
Santa Marta	Restaurante	Senen Canido, 3	Ponteareas	Antonio Manuel Marino Marino
Martis	Cafetería	Pza. Martín Gómez	Vilagarcía de Arousa	Isidoro Márquez García
Cafetrópolis	Cafetería	Alejandro Cerecedo, 8	Vilagarcía de Arousa	<i>Cafetrópolis, S.L.</i>
Elvis	Cafetería	Juan Carlos I, 1	Vilagarcía de Arousa	Gerardo Sánchez Pérez
Xei	Cafetería	Vicente Risco, 6	Vilagarcía de Arousa	Jesús Pouso Martínez
Panamá Bar	Restaurante	López Ballesteros, 11	Vilagarcía de Arousa	Amador Cancela Outón
Mesejo Pulpería	Restaurante	Santa Eulalia, 4	Vilagarcía de Arousa	Mª Carmen Rodríguez Santiago

Cédula do 21 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Turismo, pola que se notifican as resolucións dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas nos expedientes sancionadores de Ourense OU-6/2007 e outro máis, por infracción grave en materia de turismo.

Por esta cédula, e de conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle á sociedade *Amarcis, S.L.*, con CIF: B-32144859, e enderezo no Parque de San Lázaro, nº 11, de Ourense, as resolucións da Consellería de Cultura e Turismo dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións dos procedementos sancionadores en materia de turismo pola comisión de infraccións administrativas graves tipificadas na Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e que, intentadas polos medios habituais, non se puideron practicar.

A sociedade interesada poderá recoller as citadas resolucións mediante comparecencia nas dependencias desta secretaría xeral na praza de Mazarelos, nº 15, de Santiago de Compostela.

Contra as resolucións dos recursos de alzada, que poñen fin á vía administrativa, sendo firmes e executivas, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses (2) contados desde o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co establecido no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Comunícaselle que estas resolucións confirman as sancións impostas con data do 1 de agosto de 2007, e con data do 6 de agosto de 2007, e que deberá aboar o importe das multas nos seguintes prazos: a) publicación entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data da publicación ata o día 20 do mes seguinte ou inmediatamente hábil posterior; b) publicación entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da publicación ata o día 5 do segundo mes seguinte ou inmediatamente hábil posterior.

O aboamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lle serán facilitados nas dependencias desta secretaría xeral. De non se efectuar o ingreso de forma voluntaria, procederase á exacción da débeda pola vía de constrinximento.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2009.

Mª Carmen Pardo López
Secretaría xeral para o Turismo

ANEXO

Expediente: OU-06/2007.

Resolución recurso de alzada: desestimatoria.

Data da resolución: 10 de agosto de 2009.
 Sanción de multa confirmada: 602 euros.
 Expediente: OU-11/2007.
 Resolución recurso de alzada: desestimatoria.
 Data da resolución: 10 de agosto de 2009.
 Sanción de multa confirmada: 1.500 euros.
 Preceptos infrinxidos: artigo 87.11º e artigo 87.21º da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia.

Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a incoación do 13 de agosto de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-102/09, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle ao titular que no anexo se menciona a incoación do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña ditada no expediente sancionador en materia de turismo por infracción da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non puido practicarse.

Designo instrutora do expediente a Mª Carmen Arnos Calvo, cuxa recusación pode ser promovida polos interesados en calquera momento da tramitación do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

De conformidade co artigo 13.1º d) do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, a resolución do presente procedemento por infracción leve corresponde a este Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, segundo o disposto no artigo 99.1º da Lei 9/1997.

A resolución deste procedemento sancionador notificarase no prazo de seis meses desde a data deste acordo, de conformidade co disposto no artigo 33.1º do Decreto 40/2001, do 1 de febreiro.

Os interesados dispoñerán dun prazo de quince días, conforme o establecido no artigo 16.1º do Real decreto 1398/1993, para presentaren ao instrutor do expediente, para a súa incorporación a el, cantas alegacións, documentos ou informacións consideren convenientes e, se for o caso, proporen proba concretando os medios de que pretendan valer, coa advertencia de que, se non formularen alegacións no prazo sinalado, este acordo se considerará como pro-

posta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 13.2º do citado decreto.

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Manuel Varela Rey
 Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: AC-102/09.
 Denunciado: *Hot Coruña Galihotel Explotaciones Hosteleras, S.L.*
 CIF: B-70119284.
 Establecemento: Club Hot Coruña.
 Domicilio: polígono industrial Espírito Santo.
 Localidade: Sada.
 Precepto infrinxido: artigo 69 a) 2º da Lei 14/2008.
 Incoación: 13 de agosto de 2009.
 Sanción: multa de cen euros (100 euros).

Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 10 de agosto de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-11/09, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle ao titular que no anexo se menciona a resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña ditada no expediente sancionador en materia de turismo por infracción da Lei 9/1997, do 21 de agosto, modificada pola Lei 10/2004, do 2 de novembro, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non puido practicarse.

Esta resolución non esgota a vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

De non presentarse recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme, e poderá facerse efectiva en período voluntario nos seguintes prazos: a) publicación entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de publicación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte, b) publicación entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da publicación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si este non for hábil, ata o inmediato seguinte. O pagamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos forma-

lizados que lles serán facilitados nas dependencias deste departamento territorial, a favor do Tesouro da Facenda galega. De non efectuarse o ingreso no citado prazo, procederase á súa exacción pola vía de constrinximento, segundo o disposto pola Orde do 23 de novembro de 2001, da Consellería de Economía e Facenda (DOG do 5 de decembro).

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Manuel Varela Rey
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: AC-11/09.
Denunciado: Jesús Martínez González.
NIF: 33809545-M.
Establecemento: Café Bar Big-Rock.
Enderezo: avda. Santa Cristina, s/n.
Localidade: Oleiros.
Precepto infrinxido: artigo 86.2º da Lei 9/1997.
Resolución: 10 de agosto de 2009.
Sanción: multa de setenta e cinco euros (75 €).

Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 2 de setembro de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-34/09, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE número 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE número 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle ao titular que no anexo se menciona a resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña ditada no expediente sancionador en materia de turismo por infracción da Lei 9/1997, do 21 de agosto, modificada pola Lei 10/2004, do 2 de novembro, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non puido practicarse.

Esta resolución non esgota a vía administrativa e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

De non presentarse recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme, e poderá facerse efectiva en período voluntario nos seguintes prazos: a) publicación entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de publicación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte, b) publicación entre os días 16 e último de cada mes,

desde a data da publicación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato seguinte. O pagamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lles serán facilitados nas dependencias deste departamento territorial, a favor do Tesouro da Facenda galega. De non efectuarse o ingreso no citado prazo, procederase á súa exacción pola vía de constrinximento, segundo o disposto pola Orde do 23 de novembro de 2001 da Consellería de Economía e Facenda (DOG do 5 de decembro).

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Manuel Varela Rey
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: AC-34/09.
Denunciado: Marcos Adán Villar Pellegrino.
NIF: 47371098-E.
Establecemento: Café Bar Cactus.
Enderezo: avda. Santa Cristina, 22.
Localidade: Oleiros.
Precepto infrinxido: artigo 86.1º da Lei 9/1997.
Resolución: 2 de setembro de 2009.
Sanción: multa de cento cincuenta euros (150 €).

Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 4 de setembro de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-37/09, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle ao titular que no anexo I se menciona a resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña ditada no expediente sancionador en materia de turismo por infracción da Lei 9/1997, do 21 de agosto, modificada pola Lei 10/2004, do 2 de novembro, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non puido practicarse.

Esta resolución non esgota a vía administrativa e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

De non presentarse recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme e poderá facerse efectiva en período voluntario nos seguintes prazos: a) publica-

ción entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de publicación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte, b) publicación entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da publicación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non for hábil, ata o inmediato seguinte. O pagamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lles serán facilitados nas dependencias deste departamento territorial, a favor do Tesouro da Facenda galega. De non efectuarse o ingreso no citado prazo, procederáse á súa exacción pola vía de constrinximento, segundo o disposto pola Orde do 23 de novembro de 2001 da Consellería de Economía e Facenda (DOG do 5 de decembro).

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Manuel Varela Rey
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: AC-37/09.

Denunciada: M^a Tania Marcos Larrosa.
NIF: 32829948-R.

Establecemento: Café Bar Lancelot.

Domicilio: rúa Linneo, 7, Santa Cristina.

Localidade: Oleiros.

Precepto infrinxido: artigo 86.2º da Lei 9/1997.

Resolución: 9 de xullo de 2009.

Sanción: multa de setenta e cinco euros (75 euros).

Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a incoación do 18 de xuño de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-76/09, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle ao titular que no anexo se menciona a incoación do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña ditada no expediente sancionador en materia de turismo por infracción da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non puido practicarse.

Designo instrutor do expediente a Félix Collazos López, podendo os interesados promover a súa recusación en calquera momento da tramitación do procedemento, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

De conformidade co artigo 13.1.d) do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, a resolución deste procedemento por infracción leve corresponde a este departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo, segundo o disposto no artigo 99.1º da Lei 9/1997.

A resolución deste procedemento sancionador notificarase no prazo de seis meses desde a data deste acordo, de conformidade co disposto no artigo 33.1º do Decreto 40/2001, do 1 de febreiro.

Os interesados dispoñerán dun prazo de quince días, conforme o establecido no artigo 16.1º do Real decreto 1398/1993, para presentar ante o instrutor do expediente, para a súa incorporación a este, cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convenientes e, de ser o caso, propoñer proba concretando os medios de que pretenda valerse, coa advertencia de que, de non formular alegacións no prazo sinalado, este acordo se considerará como proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 13.2º do citado decreto.

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Manuel Varela Rey
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: AC-76/09.

Denunciado: Juan Parra Carrillo.
NIF: 27432857-K.

Establecemento: Café Bar Glamour.

Domicilio: rúa Marqués de Figueroa, 3.

Localidade: A Coruña.

Precepto infrinxido: artigo 69 a) 1º e 5º e 69 e) da Lei 14/2008.

Incoación: 18 de xuño de 2009.

Sanción: multa de cincocentos euros (500 euros).

Cédula do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se notifica a Resolución do 9 de xullo de 2009, ditada no expediente sancionador da Coruña AC-42/09, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle, ao titular que no anexo se menciona a resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña ditada no expediente sancionador en materia de turismo por infracción da Lei 9/1997, do 21 de agosto, modificada pola Lei 10/2004, do 2 de novembro, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, xa que, intentada polos medios habituais, non puido practicarse.

Esta resolución non esgota a vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen oportuno.

De non presentar recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme, e poderá facerse efectiva en período voluntario nos seguintes prazos: a) publicación entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de publicación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte, b) publicación entre os días 16 e derradeiro de cada mes, desde a data da publicación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si este non fose hábil, ata o inmediato seguinte. O pagamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lles serán facilitados nas dependencias deste departamento territorial, a favor do Tesouro da Facenda galega. De non efectuarse o ingreso no citado prazo, procederáse á súa exacción por vía de constrinximento, segundo o disposto pola Orde do 23 de novembro de 2001 da Consellería de Economía e Facenda (DOG do 5 de decembro).

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Manuel Varela Rey
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: AC-42/09.
Denunciada: Mª del Carmen Bertoa Regueiro.
NIF: 32814521-F.
Establecemento: Café Bar Pub Aquarius.
Domicilio: rúa Humboldt, 8, Santa Cristina.
Localidade: Oleiros.
Precepto infrinxido: artigo 86.3º da Lei 9/1997.
Resolución: 9 de xullo de 2009.
Sanción: multa de setenta e cinco euros (75 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 18 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade B I de Viviendas, S. Coop. Galega.

O artigo 74 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de cooperativas de Galicia, no seu artigo 53 establece a obrigatoriedade da publicación, no

Diario Oficial de Galicia, da modificación do artigo nº 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade B I de Viviendas, S. Coop. Galega, que pasa a ser praza Horta de Abaixo nº 2, baixo 3, Bertami-ráns, Ames.

RESOLVO:

Dispor a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo nº 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade B I de Viviendas, S. Coop. Galega, que pasa a ser praza Horta de Abaixo nº 2, baixo 3, Bertami-ráns, Ames.

A Coruña, 18 de setembro de 2009.

Luis Alberto Álvarez Freijido
Xefe territorial de Traballo e Benestar

Resolución do 22 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se fan públicas as adxudicacións de varios contratos.

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei de contratos do sector público, Lei 30/2007, do 30 de outubro, fanse públicas as adxudicacións dos seguintes contratos:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Traballo e Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento Territorial de Lugo.

c) Nos de expediente: 38, 39, 41 e 53/2009.

d) Enderezo da internet do perfil do contratante: www.contratosdeg Galicia.es.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: contratos de obras.

b) Descrición:

Expediente 38/2009. Contratación das obras de acondicionamento de espazos e renovación de baños e acabamentos das plantas 6ª e 7ª da Residencia de Maiores As Gándaras de Lugo.

Expediente 39/2009. Contratación das obras de reparación e mantemento na Residencia de Maiores de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei).

Expediente 41/2009. Contratación das obras de renovación da cuberta na Residencia de Maiores de Quiroga.

Expediente 53/2009. Contratación das obras de acondicionamento de aseos e cafetaría do Centro Sociocomunitario de Mondoñedo.

c) CPA: 41.00.3, agás no expediente 41/2009 que a CPA é a 43.91.1.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* nº 139, do 17 de xullo de 2009, no caso do expediente. 38/2009.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento de licitación.

Expediente 38/2009. Contratación das obras de acondicionamento de espazos e renovación de baños e acabamentos das plantas 6ª e 7ª da Residencia de Maiores As Gándaras de Lugo.

-Catrocentos trinta e tres mil oitocentos sesenta e seis euros con noventa e dous céntimos (433.866,92 euros).

-IVE: sesenta e nove mil catrocentos dezaioito euros con setenta e un céntimos (69.418,71 euros)

-Total IVE incluído: cincocentos tres mil douscentos oitenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (503.285,63 euros).

Expediente 39/2009. Contratación das obras de reparación e mantemento na Residencia de Maiores de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei).

-Cento cincuenta e un mil seiscentos oitenta e oito euros con sesenta e seis céntimos (151.688,66 euros).

-IVE: vinte e catro mil douscentos setenta euros con dezanove céntimos (24.270,19 euros).

-Total IVE incluído: cento setenta e cinco mil novecientos cincuenta e oito euros con oitenta e cinco céntimos (175.958,85 euros).

Expediente 41/2009. Contratación das obras de renovación da cuberta na Residencia de Maiores de Quiroga.

-Cento cincuenta e dous mil catrocentos cinco euros con quince céntimos (152.405,15 euros).

-IVE: vinte e catro mil trescentos oitenta e catro euros con oitenta e dous céntimos (24.384,82 euros).

-Total IVE incluído: cento setenta e seis mil setecentos oitenta e nove euros con noventa e sete céntimos (176.789,97 euros).

Expediente 53/2009. Contratación das obras de acondicionamento de aseos e cafetaría do Centro Sociocomunitario de Mondoñedo.

-Cento oitenta e nove mil trescentos noventa e un euros con sesenta e nove céntimos (189.391,69 euros)

-IVE: trinta mil trescentos dous euros con sesenta e sete céntimos (30.302,67 euros).

-Total IVE incluído: douscentos dezanove mil seiscentos noventa e catro euros con trinta e seis céntimos (219.694,36 euros).

5. Adxudicación.

Expediente 38/2009. Contratación das obras de acondicionamento de espazos e renovación de baños e acabados das plantas 6ª e 7ª da Residencia de Maiores As Gándaras de Lugo.

a) Data: 25 de agosto de 2009.

b) Contratista: *Construcciones en Piedra Sigrás, S.L.*

c) Importe da adxudicación:

-Trescentos doce mil oitocentos sesenta e un euros con corenta e catro céntimos (312.861,44 euros).

-IVE: cincuenta mil cincuenta e sete euros con oitenta e tres céntimos (50.057,83 euros).

-Total IVE incluído: trescentos sesenta e dous mil novecientos dezanove euros con vinte e sete céntimos (362.919,27 euros).

Expediente 39/2009. Contratación das obras de reparación e mantemento na Residencia de Maiores de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei).

a) Data: 27 de agosto de 2009.

b) Contratista: *Obras y Reformas A.Sancosmed, S.L.*

c) Importe da adxudicación:

-Cento corenta e un mil setenta euros con corenta e cinco céntimos (141.070,45 euros).

-IVE: vinte e dous mil cincocentos setenta e un euros con vinte e sete céntimos (22.571,27 euros).

-Total IVE incluído: cento sesenta e tres mil seiscentos corenta e un euros con setenta e dous céntimos (163.641,72 euros).

Expediente 41/2009. Contratación das obras de renovación da cuberta na Residencia de Maiores de Quiroga.

a) Data: 1 de setembro de 2009.

b) Contratista: *Cubiertas de Pizarras del Sil, S.L.*

c) Importe da adxudicación:

-Cento cincuenta mil euros (150.000 euros).

-IVE: vinte e catro mil euros (24.000 euros).

-Total IVE incluído: cento sesenta e catro mil euros (174.000 euros).

Expediente 53/2009. Contratación das obras de acondicionamento de aseos e cafetaría do Centro Sociocomunitario de Mondoñedo.

a) Data: 3 de setembro de 2009.

b) Contratista: *Construcciones Bagema, S.L.*

c) Importe da adxudicación:

-Cento oitenta e cinco mil trescentos corenta e catro euros con oitenta e tres céntimos (185.344,83 euros).

-IVE: vinte e nove mil seiscientos cincuenta e cinco euros con dezasete céntimos (29.655,17 euros).

-Total IVE incluído: douscentos quince mil euros (215.000 euros).

Lugo, 22 de setembro de 2009.

P.D. (Orde 19-8-2009)
Antonio Dacal López
Xefe territorial de Lugo

Resolución do 25 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da Asociación Galega de Áridos.

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1997, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentou certificación da acta da asemblea xeral ordinaria da *Asociación Galega de Áridos*, onde se reflicte o acordo acadado na dita asemblea celebrada o 5 de xuño de 2009, en que se recolle a modificación dos estatutos da dita asociación.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Resolución do 29 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación dos estatutos da asociación denominada Asociación Coruñesa de Gestores de Instalacións Deportivas que, no sucesivo e en virtude da dita modificación, pasa a denominarse Asociación de Empresas Xestoras de Instalacións Deportivas de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1997, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentou certificación da acta da asemblea xeral da *Asociación de Empresas Xestoras de Instalacións Deportivas de Galicia*, onde se reflicte o acordo acadado na dita asemblea celebrada o 7 de setembro de 2009, na cal se recolle a modificación dos estatutos da dita aso-

ciación, que afectan o ámbito territorial, que pasa de provincial a autonómico, así como a súa denominación, que pasa a ser *Asociación de Empresas Xestoras de Instalacións Deportivas de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Cédula do 25 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se fai pública a iniciación do dereito de audiencia no expediente sancionador na orde social 387/09.

Non sendo atopados no enderezo coñecido por este departamento territorial o titular da empresa que se indica a continuación, resolvo notificar por este medio, ao amparo do artigo 59.5º da Lei 30/1992, que se inicia o prazo de dez días, a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, durante o que poderá exercer o dereito de audiencia do expediente, previo á resolución, neste departamento territorial de Vigo, todo isto ao abeiro do establecido no art. 18.2º do Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

Expediente nº: 387/09.

Acta nº: I362009000063723.

Empresa: *Cafetería Luada, S.L.*

DNI/NIF: B-36200921.

Enderezo: José Regojo, 8 baixo, Redondela.

Materia: relacións laborais.

Proposta de sanción: 1.251 €.

Documentos obrantes no expediente:

-Acta de infracción.

-Xustificante da notificación.

Vigo, 25 de setembro de 2009.

Carmen Bianchi Valcarce
Xefa territorial de Vigo

Cédula do 25 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se notifica resolución de expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 232/09.

Intentada a notificación persoal e devolta polo servizo de correos ao resultar imposible a súa práctica, de conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, por esta presente cédula notifícaselle á empresa que se relaciona a resolución recaída no expediente sancionador correspondente.

Expediente nº: 232/09.

Acta nº: I362009000005624.

Empresa: *Valveso Construção Civil, L.D.A.*

DNI/NIF: 508078822.

Enderezo: Freguesía de Vilas das Almas, s/n-Ponte de Lima, Portugal.

Materia: seguridade e saúde.

Preceptos infrinxidos: artigos 11.1.c) en relación co anexo IV, parte C.3.b) do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

Preceptos sancionadores: artigos 5.2, 12.16.f), 39.3.h) e 40 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Data da resolución: 31-8-2009.

Resolución: multa de 3.000 €.

Fáiselles saber aos interesados que poden formular recurso de alzada perante o director xeral de Relacións Laborais, no prazo dun mes, contado desde o seguinte día ao da súa publicación, de acordo co previsto no artigo 114 e seguinte da Lei 30/1992, do 26 de novembro; advérteselle que de non interpoñelo no tempo e na forma que procedan, deberá aboar a multa imposta mediante a necesaria utilización do impreso que poderán solicitar no Departamento Territorial de Vigo, da Consellería de Traballo e Benestar, no número de conta e na entidade bancaria e prazo que nel se sinala, xa que noutro caso se incoará o procedemento pola vía de constrinximento ante a Consellería de Facenda correspondente.

Vigo, 25 de setembro de 2009.

Carmen Bianchi Valcarce
Xefa territorial de Vigo

Cédula do 25 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se notifica o levantamento da suspensión e o trámite de audiencia dos expedientes sancionadores na orde social 20/03 e outro máis.

Ao non seren atopados no enderezo coñecido por este departamento territorial os titulares das empresas que se indican a continuación, resolvo notificar por este medio, ao abeiro do artigo 59.5º da Lei 30/1992, o fin da suspensión cautelar e a reiniciación da tramitación dos expedientes sancionadores de referencia (paralizados o 13 de xaneiro de 2003), ao ter entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, copia da sentenza firme recaída no procedemento 91/2009, polo accidente laboral en que faleceu o traballador José Domingo González Villarroel.

Os documentos que constan nos expedientes son:

Expediente: 20/03.

-Acta de infracción.

-Xustificante de recepción (26-12-2002).

-Escrito de alegacións (20-1-2003).

-Copia da sentenza xudicial.

Expediente: 21/03.

-Acta de infracción.

-Xustificante de recepción (26-12-2002).

-Copia da sentenza xudicial.

A ausencia de alegacións dentro do prazo legal permite confirmar as actas, en aplicación da presunción de veracidade que lle recoñece o artigo 53.2º do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Concédeselles un prazo de dez días hábiles para formular as alegacións que coiden pertinentes. Transcorrido este prazo, procederase a ditar resolución.

Expediente: 20/03.

Acta nº: 1636/02.

Empresa: *Construcciones y Excavaciones Galinor, S.L.*
NIF/DNI: B-36400927.

Enderezo: Padróns-Chan, Ponteareas.

Expediente: 21/03.

Acta nº: 1637/02.

Empresa: *Construcciones y Excavaciones Galinor, S.L.*
NIF/DNI: B-36400927.

Enderezo: Padróns-Chan, Ponteareas.

Vigo, 25 de setembro de 2009.

Carmen Bianchi Valcarce
Xefa territorial de Vigo

Edicto do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifican uns requirimentos de documentación incompleta en relación cuns procedementos competencia desta consellería, e as persoas que se relacionan.

En virtude do disposto nos artigos 59.5º e 61 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), que modifica parcialmente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), e no uso da competencia atribuída a este departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, intentada a notificación no último domicilio dos interesados sen que esta se puidese practicar, notifícaselles ás persoas citadas no anexo para que, no prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao da data de publicación deste edicto, comparezan persoalmente, ou debidamente representadas, no Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar (Enrique Mariñas, s/n, edif. Proa, andar 9º, Matogrande, A Coruña), para teren coñecemento do contido daquela, advertíndoas de que, de non se facer así, se terán por notificadas cos efectos que correspondan.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Luis Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Interesado/a	DNI/NIE	Nº expediente
Edinaldo Amorin De Lima	Y0299068J	15/002/0039/09
Fanny Lucía Rincón Barrero	X5716282T	15/002/0024/09
María Jesús López Espiño	32698049-F	15/004/0001/09
María Fernanda López López	10584692-T	15/036/0022/08
Carmen Yaneth Vargas Rodríguez	48118087-V	15/005/0022/09
Soraya Jiménez Alonso	53307078-R	15/030/0429/09
Carmen Belén González Pérez	52932434-G	15/073/0017/09

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Anuncio do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente de pesca CO-PES-2009-0032 e outro máis.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

Os actos foron adoptados polo xefe territorial do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de quince días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede deste Departamento Territorial, situado no edificio administrativo de Servizos Múltiples, Monelos, A Coruña, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao da publicación.

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: CO-PES-2009-0032.

Interesado: Santiago Santiago Santiago.

Acto notificado: acordo de iniciación.

Expediente: CO-CON-2009-0004.

Interesado: Ángel Luis Álvarez Bermejo.

Acto notificado: resolución de caducidade.

Anuncio do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente de responsabilidade patrimonial RP 2008/0057.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado pola xefa do Servizo Xurídico Administrativo.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de quince días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede deste departamento territorial, situado no edificio administrativo de Servizos Múltiples, Monelos, A Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao da publicación.

A Coruña, 28 de setembro de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: RP 2008/0057.

Interesado: presidente do Tecor C-10.099 Rosalía de Castro.

Acto notificado: emprazamento procedemento abreviado nº 356/2009.

Anuncio do 29 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empraza o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente de pesca CO-PES-2009-0017.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de quince días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede deste departamento territorial, situado no edificio administrativo de ser-

vizos múltiples, Monelos, A Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao da publicación.

A Coruña, 29 de setembro de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: CO-PES-2009-0017.

Interesado: Manuel Blanco Bascoy.

Acto notificado: acordo de iniciación.

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se autoriza a transmisión inter vivos da concesión administrativa dun establecemento de cultivos mariños.

Visto o expediente instruído para efectos da transmisión do establecemento que se cita a continuación e da concesión administrativa que o ampara, resulta:

a) Antecedentes de feito:

Primeiro.-Mediante escrito do 15-7-2009, Benito Rial Oubiña (DNI 35412247-K) en nome e representación de *Mariscos Saiñas, S.L.* con CIF B-36394690 solicitou autorización para a transmisión da concesión administrativa dunha estación depuradora, cetaria e centro de expedición, da cal é titular, situada en Punta Preguntoiro-Vilaxoán-Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Segundo.-O interesado presentou a documentación requirida para a tramitación.

Terceiro.-No expediente figura a seguinte documentación, referida ao resultado da información oficial.

-Informe técnico favorable do Departamento Territorial de Vigo.

-Informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Portos de Galicia (zona sur) do 19-12-2006 onde se constata que á empresa se lle outorgou unha concesión administrativa o 19-1-1982 con destino á ocupación de parcela para a construción dun centro de cultivos mariños, por un prazo de 30 anos.

b) Fundamentos xurídicos:

Primeiro.-Este órgano é competente para resolver o expediente de conformidade coa Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, y coa Orde do 8 de maio de 2009 (DOG nº 92, do 13 de maio), de delegación de competencias nos xefes territoriais da Consellería do Mar.

Segundo.-O expediente seguiu todos os trámites establecidos no procedemento administrativo común, coas especialidades previstas no Decreto 274/2003, do 4 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre (DOG 110, do 9 de xuño).

Vistas as disposicións citadas, a proposta de resolución elaborada polo servizo de Recursos Mariños, o artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas de xeral e pertinente aplicación, esta consellería resolve:

Autorizar a transmisión *inter vivos*, a favor da *Asociación de Mejilloneros de la Isla de Arosa* (CIF G-36033496), da concesión administrativa do establecemento que se indica a continuación:

Identificación:

Tipo: estación depuradora, cetaria e centro de expedición.

Situación: Punta Preguntoiro, 22, Vilaxoán-Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Orde de outorgamento: 25-2-1997 (DOG nº 54, do 19 de marzo).

Dominio privado: non dispón.

Dominio público: 1.820,15 m²

Remate da vixencia: 19-1-2012.

Actual titular: Mariscos Saiñas (CIF: B-36394690).

Novo titular: *Asociación de Mejilloneros de la Isla de Arosa* (CIF G-36033496).

Baixo as seguintes condicións:

Primeira.-O actual titular deberá presentar no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

a) Documento notarial da transmisión ou doazón.

b) Solicitude ou carta de pagamento do imposto de transmisións patrimoniais ou documento de sucesións.

Segunda.-Transcorrido o prazo indicado na condición primeira sen ter presentado a documentación requirida, a autorización quedará sen efecto, logo de comunicación por parte da consellería.

Terceira.-O novo titular da concesión queda subrogado nos dereitos e obrigas do anterior, desde o momento de formalización da compravenda en escritura pública.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a conselleira do Mar, ou recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados en ambos os dous casos desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co dispo-

to no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas y do procedemento administrativo común e o artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 17 de setembro de 2009.

P.D. (Orde 8-5-2009; DOG nº 92, do 13 de maio)

Sonia Lorenzo Santos
Xefa Territorial de Vigo

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 28 de setembro de 2009 pola que se fai público o outorgamento de varias concesións administrativas en terreos de dominio público portuario dos portos que se citan.

Cumpridos os trámites previstos na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, aplicable en defecto de lexislación autonómica propia e nas demais normas de procedente aplicación, acordouse, en virtude das atribucións delegadas pola orde da Consellería do Mar, do 8 de maio de 2009, outorgar por resolucións que poñen fin á vía administrativa as seguintes concesións en dominio público portuario, con suxeición ás condicións estipuladas nos pregos de condicións correspondentes:

Resolución: 25-8-2009.

Obxecto: prórroga do prazo concesional e integración nun único título concesional das concesións administrativas outorgadas por resolución do 5 de decembro de 1986 e ampliación do 24 de xuño de 1991 con destino á construción dun edificio para fábrica de xeo, silo de almacenamento, cámaras, servizos e oficinas.

Porto: Burela.

Concesionario: Confraría de Pescadores de Burela.

Prazo: ata o 22 de decembro de 2016.

Resolución: 16-9-2009.

Obxecto: ocupación do edificio de usos pesqueiros con destino a nave de redes.

Porto: A Guarda.

Concesionario: asociación de redeiras do Baixo Miño Atalaia.

Prazo: ata o 17 de setembro de 2014.

Resolución: 22-9-2009.

Obxecto: prórroga da concesión administrativa de ocupación de terreos, no peirao de Mirasol, para

alboio con destino a depósito de mercadorías, para cargar ou descargar no citado peirao.

Porto: Ribadeo.

Concesionario: *Albita, S.L.*

Prazo: ata o 14 de xullo de 2024.

Resolución: 22-9-2009.

Obxecto: prórroga da concesión administrativa para a ocupación dunha superficie de dominio público portuario con destino á instalación dunha rede subterránea de media tensión e un centro de transformación para subministración da lonxa.

Porto: Rianxo.

Concesionario: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Prazo: ata o 2 de xullo de 2012.

Resolución: 22-9-2009.

Obxecto: ocupación de terreos de dominio público portuario con destino á instalación dun alboio metálico para depósito de sacas (big-bags) de magnesita no peirao comercial de Mirasol.

Porto: Ribadeo.

Concesionario: *Pertejo, S.L.*

Prazo: ata o 24 de setembro de 2024.

Contra os citados actos administrativos, que esgotan a vía administrativa, cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución que faga público o outorgamento.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2009.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

Cédula do 7 de outubro de 2009 pola que se notifica resolución de procedemento administrativo sancionador do expediente 13-28-09-03.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (BOE nº 285, do 27 de novembro) modificada pola Lei 4/1999, do

13 de xaneiro, (BOE nº 112, do 14 de xaneiro) de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución do procedemento administrativo sancionador por infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro) de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos, aprobado pola O.M. do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción e en virtude do disposto no artigo 39.1º a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é o director do ente público.

Contra esta resolución, que non lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (artigo 107 en relación co artigo 114 da Lei 30/1992). O prazo para a súa interposición será dun mes (artigo 115 da Lei 30/1992).

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva e poderá facerse efectiva en período voluntario o importe da sanción, dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 12 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro), mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Gallego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia.

De non efectuarse o ingreso no devandito prazo, procederase á súa exacción por vía executiva.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2009.

José Ignacio Villar García
Director de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente: sanc. 13-28-09-03.

Denunciante: celador do porto.

Denunciado: Domingo Vasconcellos Balboa.

Último enderezo coñecido: Herminio Ramos, 29; 36300 Baiona. Pontevedra.

Feito denunciado: atracada non autorizada.

Data-hora-porto: 20-4-2009; 9.00 horas, Baiona (Pontevedra).

Precepto infrinxido: art. 114.1º a) da Lei 27/1992, arts. 18 e ss. da O.M. do 12 de xuño de 1976.

Precepto sancionador: art. 120 da Lei 27/1992.

Sanción proposta: 600 €.

Cédula do 8 de outubro de 2009 pola que se notifica a proposta de resolución do procedemento administrativo sancionador coa clave 13-17-09-05.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 112, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a proposta de resolución do procedemento administrativo sancionador que se cita por presunta infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro) de portos do Estado e da mariña mercante.

Para os efectos do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 19 do Real Decreto 1398/1993, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, notifícaselle ao interesado a posta de manifesto dos documentos existentes no procedemento nas oficinas dos servizos centrais de Portos de Galicia, sitos no edificio de Área Central; praza de Europa, 5 A-6º, Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, co fin de que poidan obter copia dos que xulguen convenientes, concedéndolles, así mesmo, un prazo de quince (15) días contados desde o día seguinte ao da publicación desta cédula, para que formulen alegacións e presenten os documentos e informacións que xulguen pertinentes ante o instrutor.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción, e en virtude do disposto no artigo 39.1º a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é o director do ente público.

O pagamento voluntario porá fin ao expediente. O importe da sanción que en cada caso corresponda farase efectivo en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Gallego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo de impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia e presentándoo en calquera destas entidades bancarias.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Jesús Javier Fernández Barro
Xefe de División Xurídica

ANEXO

Expediente: sanc. 13-17-09-05.
 Martícula: 0080-CHB.
 Denunciante: celador do porto.
 Denunciado: *Buepor, C.B.*
 Último endrezo coñecido: lga. Castiñeiras, 95, 36930 Bueu (Pontevedra).
 Feito denunciado: estacionamento prohibido.
 Data-hora-porto: 16-3-2009; 18.20; Bueu.
 Precepto infrinxido: artigo 114.1º a) da Lei 27/1992.
 Artigos 17 e 64 da O.M. do 12-6-1976.
 Precepto sancionador: artigo 120 da Lei 27/1992.
 Sanción proposta: 90,15 euros.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Provincial da Coruña, pola que se anuncia a anulación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de limpeza das súas oficinas e instalacións AB-DRC1-09-001.

En uso das competencias atribuídas pola Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, anulase a convocatoria deste contrato, que foi publicada no DOG nº 173, do 3 de setembro de 2009, debido a un erro no prego de cláusulas administrativas particulares.

A Coruña, 15 de setembro de 2009.

Pilar Mata Freire
 Directora provincial da Coruña

Resolución do 18 de setembro de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se anuncia a adxudicación da contratación da adquisición dun equipo de laserterapia con destino ao Servizo de Dermatoloxía deste complexo hospitalario NB-CHC1-09-007.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde, Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, As Xubias de Arriba, 84, 15006 A Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación.

c) Número de expediente: NB-CHC1-09-007.

d) Endrezo da internet do perfil do contratante: www.sergas.es.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministracións.

b) Descrición do obxecto: adquisición dun equipamento de laserterapia con destino ao Servizo de Dermatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

c) Lotes: non existen lotes.

d) CPV (referencia de nomenclatura).

e) Acordo marco (se procede).

f) Medio de publicación do anuncio de licitación.

g) Data de publicación do anuncio de licitación.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado.

4. Orzamento total: 110.000 euros.

5. Adxudicación.

a) Data: 18 de xuño de 2009.

b) Contratista: *Cynosure Spain, S.L.*

c) Importe de adxudicación: 110.000 euros.

A Coruña, 18 de setembro de 2009.

Alfredo García Iglesias
 Director xerente do Complexo Hospitalario
 Universitario A Coruña

Resolución do 18 de setembro de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se anuncia a adxudicación da contratación da adquisición dunha central de motorización e monitores para a unidade de reanimación deste complexo hospitalario NB-CHC1-09-023.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde, Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, As Xubias de Arriba, 84, 15006 A Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación.

c) Número de expediente: NB-CHC1-09-023.

d) Endrezo da internet do perfil do contratante: www.sergas.es

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministracións.

b) Descrición do obxecto: adquisición dunha central de motorización e monitores para a unidade de reanimación do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

- c) Lotes: non existen lotes.
 - d) CPV (referencia de nomenclatura).
 - e) Acordo marco (se procede).
 - f) Medio de publicación do anuncio de licitación.
 - g) Data de publicación do anuncio de licitación.
3. Tramitación e procedemento.
- a) Tramitación: ordinaria.
 - b) Procedemento: negociado.
4. Orzamento total: 243.000 euros.
5. Adxudicación.
- a) Data: 18 de xuño de 2009.
 - b) Contratista: *Philips Ibérica, S.A.*
 - c) Importe de adxudicación: 243.000 euros.
- A Coruña, 18 de setembro de 2009.

Alfredo García Iglesias
Director xerente do Complexo Hospitalario
Universitario A Coruña

Resolución do 23 de setembro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por Montserrat Villar Mouriño.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Pontevedra tramítase o recurso 316/2009-MS (procedemento abreviado), interposto por Montserrat Villar Mouriño, contra a resolución da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, do 16 de xuño de 2009, pola que se desestima o recurso de alzada formulado contra a resolución da Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde pola que se publica a listaxe definitiva de aspirantes a vinculacións temporais de persoal estatutario nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde correspondente á listaxe de promoción interna na categoría de ATS/DUE (área: Pontevedra norte).

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 15 de outubro de 2009 pola que se anuncia a contratación dos expedientes 409 e 410/2009, polo procedemento que se cita.

Procedemento aberto e trámite urxente:

Obras:

Expediente: 410/2009.

Obxecto: reforma integral do Colexio Maior Rodríguez Cadarso.

Localidade: Santiago de Compostela.

Provincia: A Coruña.

Importe de licitación: 1.757.968,25 euros, IVE non incluído.

Prazo de execución: 9 meses.

Criterios de valoración: véxase o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares.

Garantía provisional: 52.739,05 euros.

Clasificación: grupo C, subgrupo 4, categoría e.

Procedemento aberto e trámite ordinario:

Expediente: 409/2009.

Obxecto: elaboración do proxecto e execución das obras de construción do edificio CITIUS (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela).

Localidade: Santiago de Compostela.

Provincia: A Coruña.

Importe de licitación: 3.960.813,10 euros, IVE non incluído.

Prazo de execución: 22 meses (4 meses para a redacción do proxecto e 18 para a execución da obra).

Criterios de valoración: véxase o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares.

Garantía provisional: 118.824,39 euros.

Clasificación: grupo C, subgrupo 4, categoría f.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Universidade de Santiago de Compostela.

b) Dependencia que tramita os expedientes: Servizo de Xestión Económica.

c) Número dos expedientes: os que se indican arriba.

2. Obxecto dos contratos:

a) Descrición dos obxectos: os que se indican arriba para cada expediente.

b) Número de unidades que hai que entregar/executar: as especificadas nos pregos de cláusulas.

c) Lugar de entrega/execución: o mencionado para cada expediente.

d) Prazo de entrega/execución: o mencionado para cada expediente.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación:

a) Tramitación: urxente e ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: a indicada para cada expediente.

4. Orzamentos de licitación:

Importes totais: os indicados anteriormente.

5. Garantías:

Provisionais: as citadas en cada expediente.

6. Obtención de documentación:

A documentación para participar nos procedementos abertos poderá ser consultada ou descargada na páxina web www.usc.es/contratacion, correo electrónico <mailto:contratacion@usc.es>.

Obtención de información:

a) Entidade: Universidade de Santiago de Compostela, Casa da Balconada, Servizo de Xestión Económica.

b) Domicilio: Rúa Nova, 6.

c) Código postal e localidade: 15782 Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 981 56 31 00, extensión 11260 e 11262.

e) Fax: 981 54 70 09.

f) Domicilio web: www.usc.es/contratacion.

g) Data límite de obtención de documentos e información: a data límite indicada para a presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos dos contratistas:

Clasificación: a indicada en cada expediente.

8. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: o décimo terceiro e o vixésimo sexto día natural seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 410/2009 e para o 409/2009 respectivamente.

b) Documentación que se ten que presentar: a indicada nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

Entidade: Universidade de Santiago de Compostela, Rexistro Xeral (Reitoría).

Domicilio: praza do Obradoiro, s/n.

Código postal e localidade: 15782 Santiago de Compostela.

Ou en:

Entidade: Universidade de Santiago de Compostela, Rexistro Xeral (edificio Servizos Administrativos-Biblioteca Intercentros).

Domicilio: Campus Universitario.

Código postal e localidade: 27002 Lugo.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses.

e) Admisión de variantes: non se admiten variantes.

9. Apertura de ofertas:

a) Entidade: Universidade de Santiago de Compostela, Casa da Balconada.

b) Domicilio: Rúa Nova, 6.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data: a mesa de contratación reunirse para a apertura da documentación ponderable en función dun xuízo de valor dos expedientes 410/2009 e 409/2009 os días 13 e 26 de novembro respectivamente e para a documentación cuantificable de forma automática os días 2 e 15 de decembro respectivamente.

e) Hora: 13.00 horas.

10. Gastos de anuncios: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

P.D. (Resolución do 31-7-2009, DOG do 19-9-2007, modificado por Resolución do 12-5-2009, DOG do 26-5-2009)

Miguel A. Vázquez Taín

Vicerreitor de Economía, Financiamento e Infraestruturas

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (EDD 3/09).

O Pleno municipal, na sesión que tivo lugar o 7 de setembro de 2009, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro.-Aprobar o informe de alegacións contido no punto segundo desta proposta, desestimando a

alegación presentada por Domingo Verdini Deus, en calidade de presidente de A.VV. Castrillón-Urbanización Soto IAR, en virtude dos razoamentos sinalados polos técnicos municipais.

Segundo.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle para reaxuste das rasantes da parcela, a concreción do aproveitamento, ocupación en planta e ordenación de volumes do edificio, da parcela de equipamento de continxencia XX (Pb), de titularidade pública, no ámbito do plan específico A.P.E.-H9.01 Parque de Oza, sita no Castrillón, con destino a edificación pública con usos deportivos e dotacionais.

Terceiro.-Notificar o acordo de aprobación definitiva aos departamentos municipais de Xestión de Solo, Licenzas e Disciplina, Área de Infraestruturas e ao Gabinete de Deseño Urbano do Concello da Coruña, a quen se require, ademais, para que nun prazo de 10 días presente en soporte informático a documentación aprobada para a súa incorporación ao Sistema de Información Xeográfico Municipal e catro copias idénticas do documento aprobado definitivamente.

Cuarto.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle, logo de cumprimento do requerimento efectuado ao promotor no número anterior».

Este acordo pon fin á vía administrativa, e pódese interpor contra el recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se practique a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no BOP, ou a súa notificación no caso do promotor, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere pertinente.

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos da entrada en vigor do estudo de detalle, o 15 de setembro de 2009.

A Coruña, 16 de setembro de 2009.

Alfredo Cerezales Fernández
Director da Área de Urbanismo

CONCELLO DE LAXE

Anuncio.

Pilar Astray San Martín solicitou neste concello a correspondente licenza para o acondicionamento

dun local para destinalo a despacho de farmacia na avenida Cesáreo Pondal, nº 74, baixo, de Laxe, así como a licenza de apertura deste.

Consonte o disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública polo prazo de vinte (20) días hábiles, para que durante o dito prazo, que comezará a contar desde o día seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente, nas oficinas municipais, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Laxe, 21 de setembro de 2009.

Antonio Carracedo Sacedón
Alcalde

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Edicto.

Durante o prazo de vinte días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de Susana Blanco Abril, en nome e representación de *Murallas do Miño, S.L.*, para instalación de supermercado, situado na rúa de Galicia, nº 2, baixo 2, Salvaterra.

Salvaterra de Miño, 25 de setembro de 2009.

Arturo Grandal Vaqueiro
Alcalde

CONCELLO DE XERMADE

Edicto.

Ganadería Ferreiro, S.C. solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a ampliación e reforma de nave de explotación, silos forraxeiros e plataforma de formigón que se situará na Alboiana, Burgás. De acordo co artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de vinte días, co fin de que durante este - que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última inserción deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*- poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

Xermade, 24 de setembro de 2009.

Tomás Rodríguez Arias
Alcalde